

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 8 de agosto de 2013

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Carlos López Font
D^a M^a Jesús Lago Rey
D. José Manuel Fernández Pérez
D. Angel Rivas González

NON ASISTEN:

D^a. Raquel Díaz Vázquez
D. Cayetano Rodríguez Escudero
D^a. M^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

Na Casa do Concello de Vigo, ás catorce horas do día oito de agosto de dous mil trece e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e o interventor xeral, Sr. García Alvarez.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(856).- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da sesión ordinaria e da sesión extraordinaria e urxente do 26 de xullo de 2013. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

2(857).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA CONCELLEIRA DE ECONOMÍA E FACENDA POLA QUE SE APROBA O PADRÓN IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES DE NATUREZA URBANA E DE BENS DE CARACTERÍSTICAS ESPECIAIS DO ANO 2013. EXPTE. 39754/512.

Dáse conta da Resolución da concelleira de Economía e Facenda, por delegación do Excmo. Alcalde, do 5.08.13, que di o seguinte:

No uso das competencias que me atribúe a vixente lexislación (art. 127 da Lei 7/85 e Decreto de Delegación de Alcaldía de 13 de xuño de 2011 e Acordo da Xunta de Goberno Local de 17 de xuño de 2011)

De conformidade co Informe-Proposta do Servizo de Administración de Tributos conformado pola Dirección de Ingresos, de data 1 de agosto de 2013 e Toma de Razón da Intervención Xeral Adxunta de data 5 de agosto de 2013,

RESOLVO:

"1º- APROBAR O PADRÓN DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES DO ANO 2013 por importe de 63.288.795,14 € (SESENTA E TRES MILLÓNS DOUSCENTOS OITENTA Y OITO MIL SETECENTOS NOVENTA E CINCO EUROS CON CATORCE CÉNTIMOS) que consta de 201.675 inscricións de BENS DE NATUREZA URBANA por importe de 61.067.625,99 € segundo relación comeza por GONZALEZ GONZALEZ ENRIQUE e remata por AQUALIA Y FCC VIGO UTE e de 710 inscricións de BENS DE CARACTERÍSTICAS ESPECIAIS por importe de 2.221.169,85 € segundo relación comeza por AENA AEROPUERTOS SA. e remata por AQUALIA Y FCC VIGO UTE."

2. Dar conta a XUNTA DE GOBERNO LOCAL do acordo anterior, de conformidade co citado artigo 63.2 . da Ordenanza fiscal xeral.

3. Proceder á exposición pública durante o prazo de 15 días, producindo esta exposición os efectos de notificación das liquidacións das cotas que figuran consignadas para cada un dos contribuíntes, podéndose interpoñer contra dítos actos recurso potestativo de reposición ante o órgano que aproba este acordo ou ben directamente recurso ante o Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo, no prazo dun mes a partir do día seguinte ó de finalización do período voluntario de pago.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

3(858).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA CONCELLEIRA DE ECONOMÍA E FACENDA POLA QUE SE APROBA O PADRÓN FISCAL IAE ANO 2013. EXPTE. 45283/516.

Dáse conta da Resolución da concelleira de Economía e Facenda, por delegación do Excmo. Alcalde, do 5.08.13, que di o seguinte:

No uso das competencias que me atribúe a vixente lexislación (art. 127 da Lei 7/85 e Decreto de Delegación de Alcaldía de 13 de xuño de 2011 e Acordo da Xunta de Goberno Local de 17 de xuño de 2011)

De conformidade co Informe-Proposta do Servizo de Administración de Tributos conformado pola Dirección de Ingresos, de data 1 de agosto de 2013 e Toma de Razón da Intervención Xeral Adxunta de data 5 de agosto de 2013,

RESOLVO:

"1º- "APROBAR O PADRÓN DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS do Municipio de Vigo para o ano 2013 por importe total 12.931.937,43 € dos que 11.588.119,91.- € corresponden a cota municipal e 1.343.817,52,-€ ao recargo provincial que contén 4.033 inscricións, comezando " A CASTELO SL " e rematando por "ZUNIBAL SL."."

2. Dar conta a XUNTA DE GOBERNO LOCAL do acordo anterior, de conformidade co citado artigo 63.2 . da Ordenanza fiscal xeral.

3. Proceder á exposición pública durante o prazo de 15 días, producindo esta exposición os efectos de notificación das liquidacións das cotas que figuran consignadas para cada un dos contribuíntes, podéndose interpoñer contra ditos actos recurso potestativo de reposición ante o órgano que aproba este acordo ou ben directamente recurso ante o Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo, no prazo dun mes a partir do día seguinte ó de finalización do período voluntario de pago.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

4(859).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 57.370,92 € A FAVOR DE EULEN SERVICIOS SOCIOSANITARIOS S.A. POLA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE APOIO Á UNIDADE ASISTENCIAL DE DROGODEPENDENCIAS- XUÑO 2013. EXPTE. 2001/315.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 5.08.13, e de acordo co informe-proposta da técnica de Servizos Económicos, do 23.07.13, conformado polo xefe da Área de Política de Benestar e pola concelleira-delegada da Área de Política de Benestar, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar a indemnización substitutiva por importe de 57.370.92 euros, a favor de EULEN SERVICIOS SOCIOSANITARIOS, S.A. (CIF: A-79022299), pola prestación dos servizos de apoio á unidade asistencial de drogodependencias CEDRO durante o mes de xuño de 2013.

2º.- Imputar o gasto de 57.370.92 euros a partida orzamentaria 3133.2279901 "Servicio Metadona", minorando dito importe do RC 201300022448 de 393.116.38 euros.

5(860).- MODIFICACIÓN DA COMPOSICIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 4418/241.

Dáse conta da proposta do concelleiro delegado da Área de Contratación, do 8.08.13, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- *Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).*
- *Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, por el que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos del Sector Público (RLCSP).*

ANTECEDENTES

Por Resolución da Xunta de Goberno Local, de data 15 de xullo de 2011, se aprobou a composición da Mesa de Contratación do Concello de Vigo.

D^a. Margarita Parajó Calvo, que figura como vogal da mesma, na súa calidade de Titular da Asesoría Xurídica municipal propón o nomeamento como substituto súa de D. Manuel Córdoba Ardao.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A lei de contratos impón como órgano necesario de asistencia ós órganos de contratación das Administracións Públicas nos procedementos abertos e restrinxidos e nos procedementos negociados con publicidade a que se refire o artigo 177.1, a Mesa de contratación, que será o órgano competente para a valoración das ofertas. En cambio, nos procedementos negociados en que non sexa necesario publicar anuncios de licitación, a constitución da Mesa será potestativa para o órgano de contratación (artigo 320 TRLCSP).

No caso do Concello de Vigo, por acordo da Xunta de Goberno Local de 15 de xullo de 2011, a mesa é obrigatoria tamén para os procedementos negociados sen publicidade.

Segundo.- Se establece unha composición mínima e obrigatoria das mesas de contratación das entidades locais na disposición adicional segunda do TRL, no seu punto 10. En cumprimento desta disposición, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, aprobou, en resolución de data 15 de xullo de 2011, a composición da súa mesma.

En función do exposto nos antecedentes, procede modificar a súa composición no tocante os substitutos da vocal titular da asesoría xurídica.

En mérito ó que antecede, SE PROPÓN Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

"1º.- Modificar os substitutos da vocal titular da Asesoría Xurídica na mesa de contratación do Concello de Vigo, engadindo como tal ó técnico de administración xeral D. Manuel Córdoba Ardao.

2º.- Comunicar ó presente acordo á mesa de contratación ós efectos oportunos".

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(861).- DESESTIMACIÓN DE RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POR MÓNICA GONZÁLEZ FRANCISCO CONTRA A ADXUDICACIÓN DO PROCEDIMENTO PARA A INSTALACIÓN E EXPLOTACIÓN DE SERVIZOS DE TEMPORADA VERANO 2013 NAS PRAIAS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 9178/306.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 5.08.13, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.

- *Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.*
- *Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (LRJAP).*
- *Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).*
- *Real Decreto-Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).*
- *Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a instalación e explotación de servizos de temporada nas praias do Concello de Vigo (PCAP).*

ANTECEDENTES

D^a. Mónica González Francisco, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 21 de xuño de 2013, interpón recurso de reposición contra a adxudicación do procedemento para a instalación e explotación de servizos de temporada verano 2013 nas praias do Concello de Vigo.

Durante a tramitación do presente recurso se realizaron as seguintes actuacións:

- *Informes do inspector de medio ambiente de datas 2, 8, 17 e 18 de xullo de 2013.*
- *Informe dos arquitectos municipais, de data 24 de xullo de 2013.*
- *Se evacuou trámite da audiencia á interesada D^a. Obdulia Lastra Francisco, que non formula alegacións.*

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- É obxecto da presente impugnación a adxudicación do lote nº 5 “Areal de Argazada” do procedemento aberto para a adxudicación dos servizos de temporada nos areas do Concello de Vigo.

Segundo.- A Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 15 de maio de 2013, acordou:

“1º.- Declara-la urxencia na tramitación do expediente 9178-306 para a instalación e explotación de servizos de temporada nas praias do concello de Vigo durante a tempada estival do ano 2013.

2º.- Aproba-lo prego de cláusulas administrativas para a instalación e explotación de servizos de temporada nas praias do concello de Vigo durante a tempada estival do ano 2013 de data 14-05-2013.

3º.- Convoca-lo procedemento aberto para o outorgamento das autorizacións mediante a inxerción do correspondente anuncio a publicar no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e no Diario Oficial de Galicia”.

Terceiro.- Unha vez finalizada a tramitación do citado expediente de contratación, a Xunta de Goberno Local, en data 14 de xuño de 2013, acordou:

“1º.- Adxudicar os postos de temporada nos areas do concello de Vigo de acordo coa seguinte distribución:

- *Lote 2 (Quiosco areal de Santa Baia-Alcabre) a Flamingo Vigo, S.L. por un importe de 2.351,86 euros.*

- Lote 3 (Quiosco areal Tombo do Gato) a Mónica González Francisco por un importe de 5.128 euros
- Lote 4 (Quiosco areal Tombo do Gato) a Marta Lorenzo Barrera por un importe de 13.584,52 euros.
- Lote 5 (Quiosco areal Argazada) a Obdulia Lastra Francisco por un importe de 12.025 euros
- Lote 6 (Quiosco areal Samil) a Marta Lorenzo Barrera por un importe de 24.281,94 euros.
- Lote 7 (Quiosco areal Samil) a Flamingo Vigo, S.L. Por un importe de 26.226,17 euros
- Lote 8 (Quiosco areal Samil) a Mónica González Francisco por un importe de 21.128 euros.
- Lote 9 (Quiosco areal de o Vao) a Flamingo Vigo, S.L., por un importe de 25.900,04 euros.
- Lote 10 (Quiosco areal de o Vao) a Marta Lorenzo Barrera, por un importe de 10.792,47 euros.

2º.- De acordo co disposto na cláusula terceira do prego de cláusulas administrativas o canon terá que aboarse no prazo dos cinco días seguintes a notificación do acordo de adxudicación e a cantidade final a ingresar polos adxudicatarios será a parte proporcional que resulte dos días que medien entre a data de adxudicación e o 30-09-2013”.

Cuarto.- É preciso, en primeiro lugar, analizar si concorren no presente recurso os requisitos subxectivos, obxectivos, formais e temporais para a admisión do mesmo.

En relación ós requisitos subxectivos, a lei concede lexitimación activa para interpoñer este recurso ós interesados (artigo 107.1 LRJAP) considerando como tales (artigo 31 LRJAP):

- a) Quenes o promovan como titulares de dereitos ou intereses lexítimos individuais ou colectivos.
- b) Os que, sen iniciar o procedemento, teñan dereitos que poidan resultar afectados pola decisión que no mesmo adóptese.
- c) Aqueles cuxos intereses lexítimos, individuais ou colectivos, poidan resultar afectados pola resolución e acúdanse no procedemento en tanto non recaia resolución definitiva.

A recorrente, na súa calidade de licitadora, posúe lexitimación activa pois a adxudicación deste procedemento a un u outro licitador afecta ós seus intereses lexítimos.

En canto os requisitos obxectivos, son susceptibles de recurso de reposición os actos que poñan fin á vía administrativa (artigo 116.1 LRJAP), sendo tales (artigo 109 LRJAP):

- a) As resolucións dos recursos de alzada.
- b) As resolucións dos procedementos de impugnación a que se refire o artigo 107.2.
- c) As resolucións dos órganos administrativos que carezan de superior xerárquico, salvo que unha Lei estableza o contrario.
- d) As demais resolucións de órganos administrativos cando unha disposición legal ou regulamentaria así o estableza.
- e) Os acordos, pactos, convenios ou contratos que teñan a consideración de finalizadores do procedemento.

Así, a impugnación do acordo de adxudicación é un acto susceptible deste recurso pois ó órgano de contratación carece de superior xerárquico (artigo 109.c LRJAP).

Como requisitos formais a lei esixe que o recurso se presente por escrito no que deberán constar os seguintes extremos (artigo 110 LRJAP):

- a) O nome e apelidos do recorrente, así como a identificación persoal do mesmo.*
- b) O acto que se recorre e a razón da súa impugnación.*
- c) Lugar, data, firma do recorrente, identificación do medio e, no seu caso, do lugar que se sinale a efectos de notificacións.*
- d) Órgano, centro ou unidade administrativa ao que se dirixe.*
- e) As demais particularidades esixidas, no seu caso, polas disposicións específicas.*

Circunstancias todas que concorren no escrito de recurso presentado polo recorrente, no que se ben non utiliza a terminoloxía de recurso se non que o denomina denuncia, este carácter se deduce do seu contido polo que procede a súa tramitación consonte ó disposto no artigo 110 da LRJAP que establece que “O erro na cualificación do recurso por parte do recorrente non será obstáculo para a súa tramitación, sempre que se deduza o seu verdadeiro carácter”.

Por último, respecto os requisitos temporais, a lei fixa un prazo de interposición do recurso de reposición de un mes, que deberá computarse a partir do seguinte a aquel en que se remita a notificación do acto impugnado (artigo 44.1 e 2 LCSP).

Dado que o acordo de adxudicación é de data 14 de xuño de 2013 e lle foi notificado á recorrente en data 18 de xuño do mesmo ano, o escrito de recurso presentado en data 21 de xuño do mesmo ano foi interposto en prazo.

Tendo en conta que o recurso reúne os requisitos obxectivos, subxectivos, formais e temporais esixidos pola lei procede a súa admisión e deberá resolverse sobre o fondo do mesmo.

Quinto.- A impugnación do acto de adxudicación non produce efectos suspensivos na tramitación do expediente de contratación (artigo 111 LRJAP).

Sexto.- A recorrente alega que a adxudicación do lote nº 5 “Areal de Argazada” do procedemento aberto para a adxudicación dos servizos de temporada nos areas do Concello de Vigo á favor de D^a. Obdulia Lastra Francisco é nula de pleno dereito. Xustifica a nulidade alegando que a adxudicataria na súa oferta inclúe un quiosco das seguintes dimensións: 8,20 m de largo e 2,50 m de ancho con aseos incluídos e un módulo de baños para minusválidos de 230 cms de ancho por 200 cms de largo. Dado que no Anexo IV do PCAP se determina que a superficie do módulo de quiosco deberá ser como máximo de 20 m² a oferta é nula de pleno dereito por incumprimento do prego ó superar a superficie máxima esixida e porque neste lote os baños deben estar separados do módulo de quiosco, razóns polas cales solicita unha inspección que determine a comisión dunha falta grave tipificada na cláusula 12 do prego e que segundo a cláusula 13 se determine a revogación da autorización.

Sétimo.- Os arquitectos municipais, en informe de data 24 de xullo, á vista do recurso que nos ocupa, manifestan o seguinte:

*“1. Tal e coma indica a denunciante, a proposta técnica presentada por D^a. Obdulia Lastra Francisco (adxudicataria do Lote nº5), oferta a instalación dunha caseta que, na descrición en texto acadada unhas dimensións exteriores 8´20m*2´50m, o que supón unha superficie total de 20´50 m² (superior en 0´50 m² ós 20´00 m² que se establecen coma superficie máxima nos Pregos de Contratación).*

Con todo, o plano de distribución en planta que se achega na documentación técnica da adxudicataria é un plano con cotas no que a lonxitude do devandito caseto é de 8´00 m. A superficie total é, neste caso, de 20´00 m² cumprindo o indicado nos Pregos de Contratación.

Á vista desta discrepancia na documentación achegada, considérase que o módulo ofertado ten unha superficie total de 20´00 m² atendendo ó plano acoutado, xa que tecnicamente a documentación planimétrica acoutada prima sobre a memoria descritiva (sendo salientable indicar ca oferta da denunciante achega un plano dunha caseta cáseque idéntica do mesmo subministrador –T.J.do Alba- e cas mesmas superficies).

2. No areal da Argazada esíxese a instalación duns aseos independentes situados no lugar indicado nos planos do Anexo do Prego de Prescricións.

A adxudicataria oferta a instalación dun módulo de 20´00 m² de superficie con dous aseos dentro da Zona de Protección de Dominio Público Marítimo Terrestre, cumprindo deste xeito a superficie máxima de ocupación permitida pola Administración.

Por outra parte, oferta a instalación dun módulo de aseo para discapacitados de 2´30m*2´00m no lugar indicado nos planos do Anexo do Prego de Prescricións a carón da rúa. Tal e coma se pode comprobar no plano que se achega coma documentación anexa a este informe (e que formaba parte da documentación do Prego de Prescricións) o punto no que se sitúa este módulo de aseo atópase fora da Zona de Protección de Dominio Público Marítimo Terrestre polo que non se ve afectada pola limitación de superficie máxima de ocupación.

3. O Prego de Prescricións indica o seguinte:

“No quiosco do lote 5 de Argazada o quiosco e os aseos serán independentes e situaranse nos lugares sinalados nos planos do Anexo 1.

Todos os quioscos deberán contar con dous servizos hixiénicos públicos, un para cada sexo, axeitados para discapacitados...”

A proposta adxudicataria do Areal de Argazada oferta dous aseos independentes dentro da construción principal do quiosco (homes e mulleres) e un aseo exento apto para discapacitados no lugar sinalado no plano do Anexo 1 do Prego.

Si ben esta solución non se axusta estritamente ó recollido no Prego enténdese apta en tanto que cumpre coas superficies de ocupación máxima e garante o servizo para tódolos usuarios, sen que supoña un maior aproveitamento ou beneficio a favor da concesionaria. En todo caso o Servizo de Inspección comprobará si se atopan en funcionamento a totalidade dos aseos propostos xa que, no caso de que non sexa así non se estaría a cumprí-las condicións esixidas no Prego de Prescricións”.

É preciso por de releve que este criterio se ten mantido pola Administración municipal en anteriores convocatorias de servizos de temporada nas praias. Na anterior convocatoria se esixía a mesma superficie para os quioscos, 20 m², tal e como se desprende do documento que se inclúe como Anexo I. Na mesma o lote nº 5 foi adxudicado por acordo da Xunta de Goberno Local de data 27 de agosto de 2009 á recorrente D^a. Mónica González Francisco (anexo II) que presentou para o mesmo dos módulos, un para o quiosco, de 8 m de largo por 2,50 m de ancho cunha superficie de 20 m² e outro para os aseos (se inclúe a oferta como Anexo III), oferta que foi declarada apta tal e como se aprecia no informe de valoración da oferta técnica de data 18 de agosto de 2009 (Anexo IV).

Así mesmo, a recorrente confunde términos e denomina o recurso denuncia e cualifica os feitos denunciados como infracción, sendo así que a infracción se produce por incumprimentos contractuais unha vez comezada a execución do contrato, en tanto, que os feitos que relata se refiren a un suposto erro producido no momento de cualificar as ofertas técnicas presentadas polos licitadores que, de estimarse, non acarrearía unha sanción, como pretende a recorrente,

senón a declaración de nulidade do acto de adxudicación e unha retroacción de actuacións ó momento de valoración das ofertas técnicas.

No entanto, a tenor do informe dos técnicos municipais, non se aprecia a infracción do prego alegada pola recorrente, polo que, en consecuencia, procede desestimar as alegacións formuladas.

Oitavo.- A competencia para a resolución do presente recurso correspóndelle á Xunta de Goberno Local, en virtude do disposto no artigo 116 da LRJAP, que encomenda á resolución dos recursos de reposición ó mesmo órgano que tivese acordado a resolución impugnada.

En mérito ó que antecede, SE PROPÓN Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1º.- Admitir o recurso de reposición interposto por D^a. Mónica González Francisco, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 21 de xuño de 2013.

2º.- Desestimar as alegacións formuladas no mesmo polas razóns expostas no fundamento xurídico sétimo do corpo deste escrito.

3º.- Notificar a presente resolución a recorrente e a D^a. Obdulia Lastra Francisco, na súa calidade de interesada neste expediente.

4º.- Contra a resolución deste recurso procederá a interposición de recurso contencioso-administrativo conforme ó disposto na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa (artigo 49 TRLCSP)".

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(862).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE GASTO MENOR E CONVENIOS DE PATROCINIO TRAMITADOS POLO SERVIZO DE FESTAS PARA O PROGRAMA "VIGO EN FESTAS 2013". EXPTE. 5181/335.

En cumprimento do establecido na Base 31^a das de execución do orzamento xeral do Concello de Vigo para 2013, o concelleiro delegado da Área de Cultura, Festas e Museos, dá conta á Xunta de Goberno local da relación de expedientes de gasto menor, así como dos convenios de colaboración asinados con empresas privadas para o programa "Vigo en Festas 2013", que son os seguintes:

Expte: 5149/335. CONTRATACIÓN DA ACTUACIÓN ARTÍSTICA DA CORAL CASABLANCA PARA O PROGRAMA VIGO EN FESTAS 2013

Decreto concelleira data: 02/07/2013

Informe Intervención: RCM 44818

Adxudicatario: FUNDACIÓN CORAL CASABLANCA DEL CÍRCULO MERCANTIL DE VIGO

Importe total: 9.680,00 EUROS

Expte: 5153/335. CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE PRODUCCIÓN TÉCNICA DA SEMANA INFANTIL PARA O PROGRAMA VIGO EN FESTAS 2013

Decreto concelleira data: 05/07/2013

Informe Intervención: RCM 45010

Adxudicatario: PRODUCCIÓN E XESTIÓN CULTURAL SL

Importe total: 8.912,79 EUROS

Expte: 5154/335. CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE PRODUCCIÓN TÉCNICA PARA AS ACTUACIÓNS DE VIGOSÓNICO PARA O PROGRAMA VIGO EN FESTAS 2013

Decreto concelleira data: 05/07/2013

Informe Intervención: RCM 45011

Adxudicatario: PRODUCCIÓN E XESTIÓN CULTURAL SL

Importe total: 17.328,82 EUROS

Expte: 5147/335. CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE PRODUCCIÓN E DIFUSIÓN DO MATERIAL GRÁFICO PARA O PROGRAMA VIGO EN FESTAS 2013

Decreto concelleira data: 08/07/2013

Informe Intervención: RCM 45970

Adxudicatario: ECOVIGO PUBLICIDAD SL

Importe total: 15.015,19 EUROS

Expte: 5150/335. CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE VENDA DE ENTRADAS POR SERVINOVA PARA DOUS CONCERTOS DO PROGRAMA VIGO EN FESTAS 2013

Decreto concelleira data: 08/07/2013

Informe Intervención: RCM 45971

Adxudicatario: FUNDACIÓN ESPECIAL CAIXA DE AFORROS DE GALICIA, VIGO, PONTEVEDRA E OURENSE

Importe total: 4.000,00 EUROS

Expte: 5155/335. CONTRATACIÓN DA ACTUACIÓN ARTÍSTICA DE FANGORIA PARA O PROGRAMA VIGO EN FESTAS 2013

Decreto concelleira data: 15/07/2013

Informe Intervención: RCM 46904

Adxudicatario: SWEET NOCTURNA SLNE

Importe total: 21.774,99 EUROS

Expte: 5156/335. CONTRATACIÓN DA ACTUACIÓN ARTÍSTICA DE LOVE OF LESBIAN PARA O PROGRAMA VIGO EN FESTAS 2013

Decreto concelleira data: 15/07/2013

Informe Intervención: RCM 46905

Adxudicatario: SWEET NOCTURNA SLNE

Importe total: 19.010,31 EUROS

Expte: 5164/335. CONTRATACIÓN DAS INSTALACIÓNS DE LUCES E SON PARA O CONCERTO DE FANGORIA - PROGRAMA VIGO EN FESTAS 2013

Decreto concelleira data: 17/07/2013

Informe Intervención: RCM 47401

Adxudicatario: TECNOIMAX SL

Importe total: 7.804,50 EUROS

Expte: 5167/335. CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE PRODUCCIÓN TÉCNICA PARA O CONCERTO DA CÓRAL CASABLANCA - PROGRAMA VIGO EN FESTAS 2013

Decreto concelleira data: 17/07/2013

Informe Intervención: RCM 47402

Adxudicatario: PRODUCCIÓN E XESTIÓN CULTURAL SL

Importe total: 20.035,52 EUROS

Expte: 5166/335. CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE PRODUCCIÓN TÉCNICA PARA O CONCERTO DE MELENDI - PROGRAMA VIGO EN FESTAS 2013

Decreto concelleira data: 19/07/2013

Informe Intervención: RCM 48650

Adxudicatario: GOLDEN EVENTO 2012 SL

Importe total: 16.897,41 EUROS

Expte: 5169/335. CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE PLANTÓNS DE VIXILANCIA NO AUDITORIO DE CASTRELOS - PROGRAMA VIGO EN FESTAS 2013

Decreto concelleira data: 19/07/2013

Informe Intervención: RCM 48651

Adxudicatario: PRODUCCIÓN E XESTIÓN CULTURAL SL

Importe total: 4.509,91 EUROS

Expte: 5165/335. CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE PRODUCCIÓN TÉCNICA PARA O CONCERTO DE FANGORIA - PROGRAMA VIGO EN FESTAS 2013

Decreto concelleira data: 22/07/2013

Informe Intervención: RCM 48787

Adxudicatario: ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS SL

Importe total: 15.944,94 EUROS

Expte: 5159/335. CONTRATACIÓN DA ACTUACIÓN DE SIBELIUS PARA O CONCERTO DE ENFO - PROGRAMA VIGO EN FESTAS 2013

Decreto concelleira data: 24/07/2013

Informe Intervención: RCM 49220

Adxudicatario: NALGURES PRODUCCIÓN SL

Importe total: 9.998,60 EUROS

Expte: 5177/335. CONTRATACIÓN DO PREGOEIRO E DA ANIMACIÓN DO PREGÓN DA SEMANA GRANDE DO PROGRAMA VIGO EN FESTAS 2013

Decreto concelleira data: 24/07/2013

Informe Intervención: RCM 49221

Adxudicatario: FUNDACIÓN CORAL CASABLANCA DEL CÍRCULO MERCANTIL DE VIGO

Importe total: 4.000,00 EUROS

Expte: 5158/335. CONTRATACIÓN DA ACTUACIÓN DA ORQUESTRA ROYAL CONSERVATOIRE OF SCOTLAND PARA O CONCERTO DE ENFO - PROGRAMA VIGO EN FESTAS 2013

Decreto concelleira data: 26/07/2013

Informe Intervención: RCM 49544

Adxudicatario: NALGURES PRODUCCIÓN SL

Importe total: 14.350,60 EUROS

CONVENIO DE COLABORACIÓN CON GADISA RETAIL SLU E A AGRUPACIÓN FOTOGRÁFICA GALEGA PARA A ORGANIZACIÓN DO MARATÓN FOTOGRÁFICO – PROGRAMA VIGO EN FESTAS 2013

Data de sinatura: 28/06/2013

Importe conveniado: 4.997,30 EUROS

CONVENIO DE COLABORACIÓN CON PEUGEOT CITROEN AUTOMÓVILES ESPAÑA SA E NALGURES PRODUCCIÓN SL PARA A ACTUACIÓN DE SIBELIUS – PROGRAMA VIGO EN FESTAS 2013

Data de sinatura: 18/07/2013

Importe conveniado: 15.000,00 EUROS

CONVENIO DE COLABORACIÓN CON CORPORACIÓN HIJOS DE RIVERA SL E SWEET NOCTURNA SLNE PARA A ACTUACIÓN DE FANGORIA – PROGRAMA VIGO EN FESTAS 2013

Data de sinatura: 08/07/2013

Importe conveniado: 30.000,00 EUROS

CONVENIO DE COLABORACIÓN CON COCA-COLA IBERIAN PARTNERS SA E A FUNDACIÓN SONDESEU PARA A ACTUACIÓN DA ORQUESTRA SONDESEU E A COORDINACIÓN DE GRUPOS DO CONCERTO DE ENFO

Data de sinatura: 30/07/2013

Importe conveniado: 15.000,00 EUROS

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

8(863).- RECTIFICACIÓN DO ANEXO I INCLUÍDO NO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DE DATA 26.07.13 SOBRE RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS A ENTIDADES DEPORTIVAS POLA SÚA ACTIVIDADE NA TEMPADA 2012-2013. EXPTE. 11943/333.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do director deportivo do IMD, do 8.08.13, conformado polo concelleiro de Deportes, que di o seguinte:

Con data 15 de xullo emítase informe proposta para a resolución de dita convocatoria de subvencións o cal inclúe como anexo I o listado da resolución dos importes concedidos as entidades deportivas de acordo coa convocatoria. Dito informe contempla no primeiro punto da proposta de acordo: "Aprobar a resolución da Convocatoria de subvencións a entidades deportivas pola súa actividade durante a tempada deportiva 2012/2013 según se establece no Anexo I, por importe de 530.000,00€, con cargo á partida orzamentaria 3410.489.00.00. do orzamento do 2013, deixando pendente a aprobación da resolución da subvención proposta para a S.D. Octavio (G-36907384) ata que, no prazo establecido legalmente, a entidade acredite que se atopa ó corrente de pago coa AEAT."

O anexo I remitido coa proposta contempla o erro da inclusión no mesmo da proposta de subvención a entidade SD Octavio, contradicindo o primeiro punto do acordo.

Dita proposta foi aprobada pola Xunta de Goberno Local na sesión do 26 de xullo de 2013, incluíndo no seu acordo o citado anexo I.

Polo exposto, PROPONSE A XUNTA DE GOBERNO LOCAL a adopción do seguinte acordo para a corrección do anexo I de acordo coa seguinte proposta:

Primeiro: Corrixir o anexo I do acordo da Xunta de Goberno Local de data 26 de xullo de 2013, para adecuar o mesmo o primeiro punto de dito acordo no cal se deixa pendente de aprobación a resolución da subvención proposta a entidade SD Octavio, polo cal debe eliminarse do citado anexo a liña 23:

23	BALONMAN	SD OCTAVIO	G-36907384	90	70.000,00 €
----	----------	------------	------------	----	-------------

Coa aplicación da eliminación de dita liña, o importe total do anexo, diminúe na cantidade do importe eliminado quedando establecida en 530.000,00 €.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(864).- PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DA SUBVENCIÓN PENDENTE A FAVOR DO S.D. OCTAVIO CON CARGO Á CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES DEPORTIVAS POLA SÚA ACTIVIDADE NA TEMPADA 2012-2013. EXPTE. 12344/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 7.08.13, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar a resolución pendente a favor da S.D. Octavio (G36907384) polo importe de 70.000,00 €, pendente da Convocatoria de subvencións a entidades deportivas pola súa actividade durante a tempada deportiva 2012/2013, conforme a proposta do 14 de xuño da comisión da avaliación. Dita subvención tramitarase con cargo á partida orzamentaria 3410.489.00.00. do orzamento do 2013.

Este importe será abonado de acordo cos seguintes pagos:

- a) 1.062.40 €, serán abonados directamente ó Instituto Municipal dos Deportes de Vigo, como pago das débedas pendentes da entidade S.D. Octavio polos usos deportivos do equipo de elite.
- b) 17.000,00 €, serán abonados a favor da AEAT, como consecuencia do embargo notificado ante o Concello de Vigo en relación a esta entidade.
- c) 51.937,60 €, serán abonados directamente a entidade S.D. Octavio co CIF: G-36907384.

10(865).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA XESTIÓN DE SERVIZO PÚBLICO, MEDIANTE CONCESIÓN PARA A CONSTRUCCIÓN, XESTIÓN E EXPLOTACIÓN DO NOVO COMPLEXO DEPORTIVO DE NAVIA POR PROCEDIMENTO ABERTO. EXPTE. 12242/333.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 1.08.13, o de fiscalización do 5.08.13, a dilixencia de subsanación das observacións realizadas no antedito informe de fiscalización, da técnica de Admón. Xeral do 6.08.13, e de acordo co informe-proposta do director deportivo xefe da Unidade Técnica de

Deportes, do 6.08.13, conformado polo concelleiro delegado de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO: Contratar a xestión de servizos públicos con execución de obra, na modalidade de Concesión para o novo complexo deportivo de Navia, en base o acordo plenario de data 26 de novembro de 2012 sobre a forma de xestión do complexo deportivo. a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria sendo aplicable para a adxudicación a valoración a través de múltiples criterios. Este contrato está sometido a regulación harmonizada e é susceptible de recurso especial en materia de contratación.

SEGUNDO: Aprobar os pregos de prescricións técnicas particulares redactado polo Director Deportivo, Xefe da Unidade Técnica con data 17 de xuño de 2013 e o prego de cláusulas administrativas particulares, redactado pola Técnica de Administración Xeral do Departamento de contratación de data 6 de agosto de 2013, para a contratación da a xestión de servizos públicos con execución de obra, na modalidade de Concesión para o novo complexo deportivo de Navia.

TERCEIRO: Abrir o procedemento licitatorio para a selección do adxudicatario na forma prevista na lexislación vixente.

CUARTO: De acordo a cláusula 1ª do PCAP, o órgano de contratación deberá nomear o responsable facultativo municipal no prazo máximo de quince días dende a data de adxudicación do contrato co obxecto de levar o control da execución das obras acordo ao proxecto construtivo que se aprobe, para o cal deberán emitir informe trimestral.

QUINTO: O responsable do contrato deberá velar polo cumprimento dos procesos das auditorías obrigadas polo PCAP, dando conta do resultado das mesmas a Xunta de Goberno Local a través de informes anuais.

11(866).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN Á EMPRESA UNIPUBLIC PARA ORGANIZAR A VOLTA CICLISTA A ESPAÑA 2013 OS DÍAS 25 DE 26 DE AGOSTO. EXPTE. 12236/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 5.08.13, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar a empresa UNIPUBLIC, a organizar o vindeiros 25 e 26 de agosto de 2013 _a **VOLTA CICLISTA A ESPAÑA 2013**. O domingo 25 se levará a cabo a 2ª etapa, que terá a **súa** entrada ás 13.54 horas aproximadamente pola rúa Avda. De

Galicia e percorrerá polas rúas Sanjurjo Badía, Avda. García Barbón, Isaac Peral, Areal. Plaza de Compostela, García Olloqui, Montero Rios, Canovas del Castillo (tramo sentido contrario), Avda Beriramar, Pescadores, Paulino Freire, Avda. Atlántida. Avda. Samil e estrada de Canido, e o luns 26 de agosto sairá da Cidade de Vigo a 3ª Etapa dende a rúa Concepción Areal onde estará a concentración e firmas de 12.10 a 12.55 horas, a chamada para os ciclistas será ás 12.55 horas e terán a saída neutralizada ás 13.00 percorrendo por Pº Marítimo Náutico, rúa As Avenidas, rúa Cánovas del Castillo, García Olloqui, Plaza Compostela, Colón, Policarpo Sanz, Porta do Sol, rúa Elduayen, Pº de Alfonso XII, Pi y Margall, rúa López Mora, Pza de América, Avda. Gran Vía, Pizarro, Travesía de Vigo, N552, rúa Angel de Lema y Marina, Avda Redondela.

12(867).- PROXECTOS TÉCNICOS PARA O REFORZO DA CAPA DE RODADURA DO FIRME DE DIVERSAS RÚAS DO CASCO URBÁN DO TERMO MUNICIPAL. EXPTE. 1983/440.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do enxeñeiro xefe de Vías e Obras, do 2.08.13, conformado polo concelleiro delegado da Área de Fomento, que di o seguinte:

Con data, 30 de maio pasado, o Concelleiro Delegado da Área de Fomento encargou a redacción dos proxectos para o reforzo da capa de rodadura do firme en diversas rúas do casco urbano do termo municipal de Vigo, ao enxeñeiro xefe do Servizo de Vías e Obras.

Con data, xullo de 2013, o enxeñeiro xefe de Vías e Obras, redacta os proxectos de "Reforzo da capa de rodadura do firme en diversas ruás do casco urbano do termo municipal de Vigo" que inclúe as seguintes rúas:

RÚA	PRESUPOSTO BASE DE LICITACIÓN
1 CACHAMUIÑA	44.366,72 €
2 CARACAS	21.683,39 €
3 DON QUIJOTE	7.250,77 €
4 GERONA	25.630,28 €
5 HERACLIO BOTANA	5.838,42 €
6 JOSÉ FRAU	11.823,94 €
7 TÚNEL PLAZA DE AMÉRICA	35.342,72 €
8 RICARDO PORTELA	17.480,01 €
9 SAN AMARO	49.169,06 €
10 SERGIO SABORIDO	7.455,09 €
11 TOMÁS PAREDES	77.375,85 €
12 PAZ	49.178,05 €
13 JUAN RAMÓN JIMÉNEZ	28.478,66 €
TOTAL	381.072,95 €

As obras básicamente consisten no reforzo da capa de rodadura do firme existente.

Polo dito anteriormente faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

Aprobar os proxectos redactados polo enxeñeiro xefe do Servizo de Vías e Obras para o “Reforzo da capa de rodadura do firme en diversas ruás do casco urbán do termo municipal de Vigo”, cun orzamento base de licitación de 381.072,95€.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(868).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE REFORZO DA CAPA DE RODADURA NO FIRME EN RÚAS DE DIVERSAS PARROQUIAS DO TERMO MUNICIPAL. EXPTE. 1950/440.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 6.08.13, o informe de fiscalización do 7.08.13, e de acordo co informe-proposta do enxeñeiro xefe de Vías e Obras, do 9.07.13, conformado polo asesor xurídico da Área de Fomento, a concelleira-delegada da Área de Economía e Facenda e o concelleiro delegado da Área de Fomento, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO: Aprobar a contratación das obras correspondentes os proxectos de do reforzo da capa de rodadura do firme de diversas rúas nas parroquias do termo municipal de Vigo, por lotes e polo procedemento aberto e tramitación ordinaria.

SEGUNDO: Aprobar o Prego de prescricións técnicas particulares para a contratación das obras correspondentes os proxectos de mantemento e conservación do reforzado da capa de rodadura do firme de diversas rúas nas parroquias do termo municipal de Vigo, redactado polo Enxeñeiro Xefe do Servizo de Vías e Obras de data 9 de xullo de 2013.

TERCEIRO: Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación das obras correspondentes os proxectos de mantemento e conservación do reforzado da capa de rodadura do firme de diversas rúas nas parroquias do termo municipal de Vigo, redactado polo Enxeñeiro Xefe do Servizo de Vías e Obras de data 9 de xullo de 2013.

CUARTO: Autorizar o gasto por un importe máximo de 639.345,89 € ive incluído establecendose dous lotes cos seguintes importes:

Lote nº 1:

LOTE	CALLE	PRESUPUESTO BASE DE LICITACIÓN
1	BAIXADA PONTE NOVA	26.620,42
1	CAMIÑO ROMEU	24.519,19
1	ESTRADA FRAGOSELO	73.213,40
1	ESTRADA MONTE ALBA	61.191,09
1	RÚA LEONARDO ALONSO	18.201,23

1	RÚA PORTOLOUREIRO	29.952,99
1	RÚA SAA	78.268,63

Importe lote 1: 311.966,95 €

Lote nº 2

2	AVDA DO TRANVÍA	106.317,35
2	CAMIÑO ARIEIRO	12.283,16
2	CAMIÑO RAPOSEIRA	50.783,13
2	CEIP CARBALLAL	6.082,59
2	RÚA DOUTOR CORBAL	52.879,87
2	RÚA GOLETA	24.113,29
2	RÚA SEVERINO COBAS	74.919,55

Dito importe deberá ser de aplicación aos créditos do orzamento da area de Vías e Obras, da partida 1550.210.00.05 “Mantemento viario no rural”, a cal cumpre a condición de crédito suficiente e adecuado.

QUINTO: Abrir o procedemento licitatorio para a selección do adxudicatario na forma prevista na lexislación vixente.

14(869).- PROXECTO DE HUMANIZACIÓN DA RÚA MARQUÉS DE VALTERRAL. EXPTE. 2390/443.

Dáse conta do informe-proposta do xefe da Área de Fomento, do 29.07.13, conformado polo concelleiro de Área de Fomento, que di o seguinte:

A enxeñería GALAICONTROL, presenta o proxecto de “HUMANIZACIÓN RÚA MARQUÉS DE VALTERRA”, redactado polo ENXEÑEIRA DE CAMIÑOS, CANLES E PORTOS TRINIDAD LÓPEZ RODRÍGUEZ, cun orzamento base de licitación máis IVE de DOUSCENTOS ONCE MIL EUROS (211.000,00 EUROS).

DESCRIPCIÓN DAS OBRAS:

O ámbito de actuación se encadra dentro da rúa Marqués de Valterra, dende Gaiteiro R. Portela ata o nº31, cunha unha lonxitude de 370m, e uns 16m de distancia entre fachadas.

As accións que se levarán a cabo son basicamente as seguintes:

- 1) Renovación dos pavimentos con loseta hidráulica na marxe impar e parte da marxen par, en beirarrúas, en calzada en bandas de aparcamento e en acceso a garaxe.*
- 2) Redistribución do espazo.
Darase maior protección aos peóns no acceso o colexio, mediante recrecido de paso peonil, e a creación dunha barreira vexetal que separe o espazo do peón e o espazo dos vehículos. Asemade, dotaráse a esta zona dunha mellora urbanística e paisaxística.*
- 3) Renovación das instalacións de iluminación e rego.*
- 4) Mellora do mobiliario existente.*

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de DOUS meses.

Á vista do anteriormente exposto, e tendo en conta o informe do Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos de data 22 de xullo, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA:

1.- Aprobado o proxecto redactado pola enxeñaría GALAICONTROL, para a "Humanización da Rúa Marqués de Valterra" cun orzamento de 211.000 € (douscentos once mil), no que se atopa o IVE engadido, e cun prazo de execución de dous meses.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(870).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN DE PRÓRROGA NO PRAZO DE EXECUCIÓN DA OBRA "HUMANIZACIÓN DA RÚA NICARAGUA". EXPTE. 1984/440.

Dáse conta do informe-proposta do xefe da Área de Fomento, do 6.08.13, conformado polo concelleiro de Área de Fomento, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

A Xunta de Goberno Local, en sesión de 28 de decembro de 2011, acordou adxudicar a Eiriña, S.L. as obras de referencia.

En data 12 de xaneiro de 2012, fírmase o contrato cun prazo de execución de obra de dezoito meses. O 27 de xaneiro de 2012 fírmase a acta de comprobación do replanteo, comezando a contar o prazo de execución o día seguinte da firma.

En data 13 de abril de 2012, a Xunta de Goberno Local acorda reaxustar as anualidades da obra. Formalizándose a modificación do contrato en data 24 de abril do citado ano.

Considerando que as causas do retraso non son imputables ao adxudicatario e conforme ao establecido no art. 213.2, do "RD Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley de Contratos del Sector Público", infórmase favorablemente a concesión da prórroga solicitada, que establecería como novo prazo de finalización das obras o próximo 27 de novembro de 2013.

Polo que á vista do anteriormente exposto, e tendo en conta o informe dos directores de obra de data 2 de agosto, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA:

1.- Ampliar, atendendo aos motivos xustificadas, o prazo de execución das obras "Humanización da Rúa Nicaragua" en 4 (catro) meses, pasando a ser o novo prazo de finalización das mesmas o vindeiro 27 de novembro de 2013, non significando ésta ampliación de prazo incremento económico algún sobre o importe de adxudicación da obra.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(871).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN DE PRÓRROGA NO PRAZO DE EXECUCIÓN DA OBRA PARA A "HUMANIZACIÓN DA RÚA ARAGÓN. FASE 2". EXPTE. 1985/440.

Dáse conta do informe-proposta do xefe da Área de Fomento, do 6.08.13, conformado polo concelleiro de Área de Fomento, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

A Xunta de Goberno Local, en sesión de 28 de decembro de 2011, acordou adxudicar a Oreco, S.A. as obras de referencia.

En data 12 de xaneiro de 2012, fírmase o contrato cun prazo de execución de obra de dezoito meses. O 27 de xaneiro de 2012 fírmase a acta de comprobación do replanteo, comezando a contar o prazo de execución o día seguinte da firma.

Dado que o orzamento correspondente ao ano 2012 aprobouse en data 30 de marzo, o inicio da obra demorouse ata o 27 de abril do 2012.

Considerando que as causas do retraso non son imputables ao adxudicatario e conforme ao establecido no art. 213.2, do "RD Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley de Contratos del Sector Público", infórmase favorablemente a concesión da prórroga solicitada, que establecería como novo prazo de finalización das obras o próximo 27 de novembro de 2013.

Polo que á vista do anteriormente exposto, e tendo en conta o informe dos directores de obra de data 2 de agosto, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA:

1.- Ampliar, atendendo aos motivos xustificados, o prazo de execución das obras "Humanización da Rúa Aragón, Fase 2" en 4 (catro) meses, pasando a ser o novo prazo de finalización das mesmas o vindeiro 27 de novembro de 2013, non significando ésta ampliación de prazo incremento económico algún sobre o importe de adxudicación da obra.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

17(872).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN DA REDACCIÓN DO PROXECTO "MODIFICADO Nº1 DA OBRA DE HUMANIZACIÓN DA RÚA MARTÍNEZ GARRIDO, FASE II". EXPTE. 1987/440.

Dáse conta do informe-proposta do xefe da Área de Fomento, do 7.08.13, conformado polo concelleiro de Área de Fomento, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local, en data 14 de outubro de 2011 acorda a aprobación do proxecto citado no asunto de referencia.

En data 4 de novembro de 2011 acórdase declarar a urxencia na tramitación do expediente, aprobar os pregos e autorizar o gasto.

En data 28 de decembro de 2011 a Xunta de Goberno Local acorda a adxudicación da obra a empresa SERCOYSA PROYECTOS Y OBRAS, S.A, por un importe de 2.250.000 €, formándose o contrato en data 20 de xaneiro de 2012.

Os motivos que conlevan a modificación do proxecto primitivo son os seguintes:

1. Sustitución da tubería de pluviais proxectada inicialmente por unha de maior capacidade (diámetro 315 mm), no primeiro tramo da rúa, preto da intersección coa Rúa Ramón Nieto.

2. *Aumentan as conexións obre a rede de abastecemento o que incrementa as válvulas de conexión nas unións coas rúas transversais, dado o mal estado das existentes.*
3. *Conéctanse os sumidoiros sobre a rede de pluviais, polo que utilízanse sumidoiros simples non sinfónicos como viña no proxecto e polo tanto modifícase a reixa pola tipo onda no lugar da selecta maxi do proxecto.*
4. *Cámbiase a posición das luminarias as cales estaban definidas pola mediana e colocáranse pola beirarrúa, polo que cambia a disposición e a desagregación da medición tanto das propias luminarias como das canalizacións e cableado.*
5. *Modifícase o sistema de ancoraxe e sustentación do arborado, modifícase o modelo de programador, necesitándose a execución da canalización para alimentación eléctrica e conexión específica ao cadro eléctrico.*
6. *Ademáis por cuestións de eficiencia enerxética, modifícase a pérgola e sistema previsto de paneis fotovoltaicos, situándose noutra ubicación e polo tanto necesitado de novos requisitos arquitectónicos, funcionais, de instalación e montaxe.*

As modificacións que se plantexan non alteran as condicións de adxudicación e de licitación, recollidas no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, que rexen a contratación das obras de Humanización desta rúa. Os aspectos e as circunstancias que determinan a modificación correspóndese coas recollidas no apartado 15.B e C das FEC do citado prego.

Todo iso non provocará variación do presuposto económico aprobado, manténdose integramente o seu importe de adxudicación vixente de 2.250,000,00 €, I.V.E. incluído, quedando xustifico o total do investimento económico.

Polo que, a vista do anteriormente exposto, e tendo en conta o informe dos directores de obra de data 31 de xullo de 2013, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte,

PROPOSTA:

- 1.- *Autorización para encargar a redacción dun proxecto que baixo a denominación "Modificado nº 1 da Obra de Humanización da Rúa Martínez Garrido, Fase II", recolla as modificacións necesarias para levar a cabo a obra, non significando incremento algún no orzamento da mesma.*
- 2.- *Autorizar a moratoria ao prazo de execución da obra, polo período de tempo que transcurra ata a aprobación do proxecto "Modificado nº 1 da Obra de Humanización da Rúa Martínez Garrido, Fase II".*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

18(873).- PROPOSTA PARA EXECUCIÓN DA REDE SEPARATIVA DE FECAIS E PLUVIAIS NA RÚA CANCELLEIRO, ENTRE A RÚA AREAL E RÚA ROSALÍA DE CASTRO. EXPTE. 2340/443.

Visto o informe de fiscalización do 5.08.13, dáse conta do informe-proposta do xefe da Área de Fomento, do 2.08.13, conformado polo concelleiro de Área de Fomento, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o pasado 21 de novembro de 2011, acordou declarar a prórroga da concesión administrativa da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Auga, outorgada a favor de Aqualia-FCC por un período de 5 anos.

Na cláusula terceira do citado acordo, establécese o compromiso por parte da entidade concesionaria do servizo de levar a cabo a execución do Plan de Inversións según as cuantías e prazos que se indican no citado documento. Dentro das inversións a realizar na anualidade do 2013 se acorda incluír o proxecto de Execución da rede separativa de fecais e pluviais na Rúa Canceleiro (tramo Arenal a Rosalía de Castro).

Tendo en conta a orde de servizo do Sr. Concelleiro da Área de Fomento de data 16 de abril de 2013, na que declara de urxencia e execución inaprazable o proxecto de Execución da rede separativa de fecais e pluviais na Rúa Canceleiro (tramo Arenal a Rosalía de Castro), acórdase incluír o mesmo dentro das inversións a realizar na anualidade do 2013.

A Xunta de Goberno Local de data 26 de abril de 2013, acorda encargar á empresa Aqualia a redacción do proxecto de referencia.

Con data maio de 2013, a empresa concesionaria do servizo municipal de abastecemento e saneamento "AQUALIA" presentou proxecto redactado pola Enxeñería Esinpro, S.L. Para a Execución da rede separativa de fecais e pluviais na Rúa Canceleiro (tramo Arenal a Rosalía de Castro), por un importe total de 415.365,38 € (IVE excluído).

Con data 22 de xullo, o Enxeñeiro Municipal D. Jerónimo Centrón Castañón informa ao respecto indicando que os prezos das distintas unidades son acordes ao cadro de prezos de unidades de obra que rixe as obras de inversións da Entidade Concesionaria aprobado en Xunta de Goberno Local de data 22 de marzo de 2013.

Ao mesmo tempo e en data 29 de xullo a empresa concesionaria do servizo municipal de abastecemento e saneamento "AQUALIA", presenta os costes asociados ao proxecto por un importe de 15.810,75 € (IVE excluído), detallados do seguinte xeito:

• Redacción do proxecto	5.308,41 €
• Asistencia técnica.....	5.308,41 €
• Coordinación de seguridade e saúde.....	1.327,10 €
• Control arqueolóxico.....	2.300,00 €
Suma.....	14.243,92 €
11 % Gastos Xestión.....	1.566,83 €
Total (IVE excluído).....	15.810,75€

O Enxeñeiro Municipal, D. Jerónimo Centrón Castañón, indica no seu informe de data 30 de xullo que as porcentaxes relativos aos honorarios polos conceptos indicados respecto do PEM do proxecto, correspondense cos ratios que utiliza a Área de Fomento.

Polo anteriormente exposto, PROPONSE á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo PROPOSTA:

1º.- Aprobación da memoria valorada para executa-las obras de " Execución da rede separativa de fecais e pluviais na Rúa Canceleiro (tramo Arenal a Rosalía de Castro) ", por un importe total de 415.365,38 € (IVE excluído), con cargo ao Plan de Inversións recollido na prórroga da concesión administrativa da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Auga, outorgada a favor de Aqualia-FCC.

2º.- Aprobar os costes dos honorarios asociados ao proxecto por importe de 15.810,75 € (IVE excluído) dacordo co seguinte detalle:

• Redacción do proxecto	5.308,41 €
• Asistencia técnica.....	5.308,41 €
• Coordinación de seguridade e saúde.....	1.327,10 €

• Control arqueolóxico.....	2.300,00 €
Suma.....	14.243,92 €
11 % Gastos Xestión.....	1.566,83€
Total (IVE excluído).....	15.810,75€

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

19(874).- PROPOSTA DE RECOÑECEMENTO DAS INVERSIÓNS DA PRÓRROGA DA CONCESIÓN DE AQUALIA REALIZADAS ATA FINAIS DO 2012. EXPTE. 1968/440.

Dáse conta do informe-proposta do xefe da Área de Fomento, do 5.08.13, conformado polo concelleiro de Área de Fomento, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local, en sesión Extraordinaria e Urgente celebrada o día 21 de novembro de 2011, acordou declarar a prórroga da concesión administrativa da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Augas, outorgada a favor da Entidade Concesionaria do Servizo, Aqualia-FCC Vigo UTE, por un período de 5 anos.

No clausulado do citado acordo establececese o compromiso por parte da entidade concesionaria do servizo de levar a cabo a financiación do plan de inversión según as cuantías e prazos especificadas.

No mesmo acordo establececese que, tras a correcta execución das inversións, a administración municipal procederá a recoñecer as mesmas, sempre e cando se cumplan unha serie de condicións no que respecta a calidade e prazos de execución.

En data 30 de abril de 2013, a empresa concesionaria do servizo de abastecemento e saneamento de Auga "Aqualia" presenta no Rexistro Xeral do Concello de Vigo solicitude de recoñecemento de inversión correspondente aos proxectos de:

- Rede de alcantarillado na Rúa Enrique Lorenzo
- Conexión das acometidas das vivendas da Travesía Enrique Lorenzo.

Ademáis das certificacións 1, 2 e 3 correspondentes á adquisición de terreos para a execución da "Ampliación e modernización da EDAR do Lagares".

En data 22 de xullo, o Enxeñeiro Municipal D. Jerónimo Centrón Castaños emite informe indicando que toda a documentación presentada correspondes ecos traballos levados a cabo para cada unha das actuacións citadas anteriormente e se considera completa a efectos de tramitación do correspondente recoñecemento de inversión.

Consta no expediente toda a documentación requirida no punto III "Actos administrativos a través dos que se exercerá o control das obras de inversión da entidade concesionaria Aqualia", apartado d), aprobado en Xunta de Goberno Local de data 15 de marzo de 2013.

Dacordo co anteriormente indicado, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

1. *Recoñecer como "Inversións da prórroga da concesión de Aqualia, (período 2011-2012), con cargo á retribución do concesionario a cantidade de 8.233.614,25 €, correspondente á inversión executada ata o finais do ano 2012, co seguinte desglose:*
 - b) *Rede de alcantarillado na Rúa Enrique Lorenzo por importe de 226.692,94 €, no que se atopan incluídos os costes asociados do proxecto.*
 - c) *Conexión das acometidas das vivendas da Travesía Enrique Lorenzo, por importe de 26.779,74 €.*
 - d) *Certificacións 1, 2 e 3 correspondentes á adquisición de terreos para a execución da "Ampliación e modernización da EDAR do Lagares":*
 - *Certificación nº 1 por importe de 1.905.000 €*
 - *Certificación nº 2 por importe de 3.744.966,60 €*
 - *Certificación nº 3 por importe de 2.330.174,97 €*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

20(875).- PROPOSTA DE RECOÑECEMENTO DAS MELLORAS DA PRÓRROGA DA CONCESIÓN DE AQUALIA REALIZADAS ATA FINAIS DO 2012. EXPTE. 1986/440.

Dáse conta do informe-proposta do xefe da Área de Fomento, do 5.08.13, conformado polo concelleiro de Área de Fomento, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local, en sesión Extraordinaria e Urgente celebrada o día 21 de novembro de 2011, acordou declarar a prórroga da concesión administrativa da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Augas, outorgada a favor da Entidade Concesionaria do Servizo, Aqualia-FCC Vigo UTE, por un período de 5 anos.

No clausulado do citado acordo establececese o compromiso por parte da entidade concesionaria do servizo de levar a cabo unha serie de actuacións de mellora, sen cargo algún para o contrato.

No mesmo acordo establececese que, tras a correcta execución das melloras, a administración municipal procederá a recoñecer as mesmas, sempre e cando se cumpran unha serie de condicións no que respecta a calidade e prazos de execución.

En data 30 de abril de 2013, a empresa concesionaria do servizo de abastecemento e saneamento de Auga "Aqualia" presenta no Rexistro Xeral do Concello de Vigo solicitude de recoñecemento de inversión correspondente aos proxectos de:

- *Control de volúmenes de captacións e vertidos para dar cumprimento á orde ARM/1312/2009.*
- *Conexión á rede de saneamento da Rúa López Mora nº 5.*
- *Reforma da calderería da EBAR O Bao: pedestais, impulsións e valvulería.*
- *Construcción da rede de saneamento nos edificios nº 1,3, 5 e 7 da Rúa Loureiro e do nº 47 da Estrada Provincial.*
- *Melloras no depósito de Sampaio e na EBAP do depósito de Sampaio ao depósito de Candean.*
-

Consta no expediente toda a documentación requirida no punto III "Actos administrativos a través dos que se exercerá o control das obras de inversión da entidade concesionaria Aqualia", apartado d), aprobado en Xunta de Goberno Local de data 15 de marzo de 2013.

En data 22 de xullo, o Enxeñeiro Municipal D. Jerónimo Centrón Castaños emite informe indicando que toda a documentación presentada correspondes ecos traballos levados a cabo para cada unha das actuacións citadas anteriormente e se considera completa a efectos de tramitación do correspondente recoñecemento de inversión.

Dacordo co anteriormente indicado, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

1º.- Recoñecer como "Melloras da prórroga da concesión de Aqualia, (período 2011-2012), con cargo ao concesionario e sin coste algún para o Concello de Vigo a cantidade de 371.063,96 €, correspondente as melloras executadas ata finais do ano 2012 co seguinte desglose:

- a) Control de volúmenes de captacións e vertidos para dar cumprimento á orde ARM/1312/2009., por importe de 85.748,36 €.
- b) Conexión á rede de saneamento da Rúa López Mora nº 5 por importe de 65.839,04 €.
- c) Reforma da calderería da EBAR O Bao: pedestais, impulsións e valvulería por importe de 97.285,98 €.
- d) Construcción da rede de saneamento nos edificios nº 1,3, 5 e 7 da Rúa Loureiro e do nº 47 da Estrada Provincial por importe de 50.371,98 €.
- e) Melloras no depósito de Sampaio e na EBAP do depósito de Sampaio ao depósito de Candeán, por importe de 71.818,60 €

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

21(876).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DEFINITIVA DA REVISIÓN DO MAPA ESTRATÉXICO DE RUÍDOS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 9387/306.

De conformidade co informe-proposta do xefe de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, do 1.08.13, conformado pola concelleira delegada de Medio Ambiente e Xuventude, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO: Aprobar definitivamente a REVISIÓN, ACTUALIZACIÓN, DO MAPA ESTRATÉXICO DE RUÍDO DA CIDADE DE VIGO, aprobado pola Xunta de Goberno local en data 10 de marzo de 2008, cuxo proxecto de revisión de decembro de 2012 foi redactado por Universidade de Vigo: Sonitum e a entidade Sonen, Centro de Acústica e Servicos de Telecomunicacións, S.L., por encargo da Concellería de Medio Ambiente do Concello de Vigo, a teor do mandato contido na Directiva 2002/49/CE, do 25 de xuño de 2002 e na L.37/2003, do 17 de novembro, do Ruído (exp. Nº 9387/306). Nos aspectos non revisados deben considerarse vixentes a tódolos efectos os contidos do mapa estratéxico de ruído aprobado no ano 2008.

SEGUNDO: Remitir este acordo e a documentación da revisión en formato dixital (por triplicado) á Secretaria Xeral de Calidade e Avaliación Ambiente da Consellería de Medio

Ambiente, Territorio e Infraestructuras da Xunta de Galicia para o posterior envío ó Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente e á Comisión Europea, de acordo co previsto na Disposición adicional oitava da Lei 37/2003, de 17 de novembro, do ruído e artigo 14 do Rd 1513/2005, de 16 de decembro.

TERCEIRO: Comunicar este acordo aos Servizos Municipais interesados, Área de Seguridade, Área de Fomento, Xerencia de Urbanismo e a Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia.

CUARTO: Publicar este acordo de aprobación definitiva no BOP de Pontevedra e no Taboleiro de Anuncios do Concello de Vigo para xeral coñecemento ao abeiro do establecido no artigo 59.6.a) e 60.1. "in fine" da LRXAP-PAC, e informar aos interesados que contra o presente acordo, poderán interpoñer o RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICIÓN, perante o mesmo órgano que o ditou, no prazo dun mes a contar desde o seguinte ó da súa publicación ou ben directamente RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO perante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, contado, tamén, desde o día seguinte ao da publicación.

22(877).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN POR PROCEDIMENTO ABERTO DA COBERTURA DO SEGURO DE RISCOS DIVERSOS DA FLOTA MUNICIPAL. EXPTE. 7969/445.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 26.06.13, o informe de fiscalización do 7.08.13, e de acordo co informe-proposta do xefe do Parque Móbil, do 6.08.13, conformado polo concelleiro-delegado da Área e Fomento e pola concelleiro delegado da Área de Economía e Facenda, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO: Aprobar a contratación da cobertura do seguro de riscos diversos da flota de vehículos de motor de titularidade do Concello de Vigo. a través de procedemento aberto, tramitación ordinaria e como gasto anticipado. Este contrato está sometido a regulación harmonizada e é susceptible de recurso especial en materia de contratación.

SEGUNDO: Aprobar o Prego de prescricións técnicas particulares para a contratación da cobertura do seguro de riscos diversos da flota de vehículos de motor de titularidade do Concello de Vigo de data 30 de xullo de 2013, redactado polo Xefe do Parque Móbil

TERCEIRO: Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación da cobertura do seguro de riscos diversos da flota de vehículos de motor de titularidade do Concello de Vigo redactado polo departamento de Contratación, asinado con data 6 de agosto de 2013.

CUARTO: Autorizar o gasto por un importe máximo de 630.000,00 €. de acordo co orzamento base de licitación do contrato, con cargo a partida 9222.224.00.00

“Seguro de vehículos; e a inclusión nos orzamento dos anos 2014 e 2015 dos créditos que para cada un deles figuran previstos no seguinte cadro:

Ano	Importe
2014	315.000,00 €
2015	315.000,00 €
Total	630.000,00 €

QUINTO: Abrir o procedemento licitatorio para a selección do adxudicatario na forma prevista na lexislación vixente.

23(878).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 74.949,31 € FAVOR DE PLUS ULTRA SEGUROS GENERALES Y VIDA S.A. DE SEGUROS Y REASEGUROS” POLO ASEGURAMENTO DA FLOTA MUNICIPAL-2º TRIMESTRE. EXPTE. 9888/445.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 8.08.13, e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo do Parque Móbil, do 8.07.13, conformado polo concelleiro delegado de Fomento e Novas Tecnoloxías, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Declarar a nulidade das actuacións que deron lugar á Nota de Cargo nº 2013/021952 de data 2 de xullo de 2013, presentada no Rexistro Xeral deste Concello de Vigo pola Correduría de Seguros B.V.C. Artai S.A. con data 2 de xullo, correspondente á prestación por Plus Ultra Seguros Generales y Vida S.A de Seguros y Reaseguros durante o segundo trimestre de 2013.

Segundo.- Aprobar a indemnización substitutiva a favor da empresa “Plus Ultra Seguros Generales y Vida S.A de Seguros y Reaseguros”, polo importe de 74.949,31 euros para a prestación antes indicada que figura na referida Nota de Cargo.

Terceiro.- Recoñecer a obriga económica a favor da referida Aseguradora e polo indicado importe, con cargo á aplicación orzamentaria 9222.224.00.00 “Seguro de vehículos” do vixente orzamento municipal. O importe deberá facerse efectivo na conta ao efecto da Correduría B.V.C. Artai, S.A., tal e como figura na Nota de Cargo para o seu abono á Aseguradora.

24(879).- AUTORIZACIÓN PARA REALIZAR ZANXA EN TERREO MUNICIPAL PARA IMPERMEABILIZAR A FACHADA DO EDIFICIO SITON EN RÚA C. TORRECEDEIRA Nº 41. EXPTE. 19653/240.

Dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Patrimonio, do 26.07.13, conformado pola concelleira delegada de Patrimonio, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local (LBRL).
- Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas.
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).
- RD-Lei 781/1986, de 18 de abril, Texto Refundido das Disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL).
- RD 1372/1986, de 13 de xuño, Regulamento de Bens das Entidades Locais (RBEL).
- Ordenanza Fiscal Reguladora das Taxas polo aproveitamento especial ou utilización privativa do Dominio Público Local. (B.O.P 30 de decembro de 2006)

ANTECEDENTES:

Primeiro.- A Comunidade de Propietarios Torrecedeira nº 39-41, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 11 de xullo de 2013 solicitou autorización para a ocupación da parcela municipal sita na rúa Pi y Margall 66 para a realización de obras de impermeabilización da fachada lateral do edificio nº 41 da rúa Conde de Torrecedeira.

Segundo.- Na instrucción do expediente emitíuse informe polo arquitecto de Patrimonio en data 18 de xullo do 2013 no que sinala que: A parcela municipal nº 0427, a que refírese o presente expediente, é un patio interior de mazá que non dispón de acceso público.

Tratase dun terreo sen urbanizar e ten acceso pola propiedade solicitante, polo que considerase procedente, a nivel técnico, acceder o solicitado.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

Primeiro.- A parcela cuxa ocupación plantexa a interesada, é de titularidade municipal rexistrada co nº 427 do IMBD, figurando coa denominación de "Parcela dotacional en Pi y Margall", e natureza xurídica demanial afecta ó servizo público.

Segundo.- De acordo co informe técnico emitido polo arquitecto municipal, non existe inconveniente en acceder ó solicitado, ó tratarse dun patio interior de maza sen urbanizar e que ten seu acceso pola propiedade da solicitante.

Terceiro.- A ocupación de dita parcela, implica un uso privativo do dominio público, sendo regra xeral no noso dereito a necesidade de título habilitante, outorgado pola autoridade competente, para a ocupación de bens de dominio público ou para a súa utilización en forma que exceda o dereito de uso que corresponde a todos (artigo 84 LPAP), como acontece no presente caso. O título habilitante necesario sería a autorización administrativa, dado que a ocupación efectúase con instalacións desmontables, sempre e cando a duración do aproveitamento non exceda de catro anos, caso no que procedería a concesión administrativa (artigo 86 LPAP).

Polo anteriormente exposto, PROPÓNSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

"Primeiro.- Autorizar á Comunidade de Propietarios Torrecedeira nº 39-41 a ocupación da parcela municipal nº 427 do IMBD, para obras de impermeabilización no edificio Conde Torrecedeira nº 41, nas seguintes condicións xurídicas e técnicas:

1. *A autorización comprende exclusivamente o dereito a ocupar a parcela municipal para a realización das obras de impermeabilización interesadas no lateral do edificio r/ Conde Torrecedeira nº 41, con exclusión expresa de calquera outro uso ou fin. A presente autorización non implica en ningún caso cesión do dominio público nin de facultades dominicais sobre a mesma.*

2. *A seguridade e mantemento da parcela corresponderánlle á dita entidade, debendo responder dos danos e perdas que se ocasionen a terceiras persoas ou á propia administración municipal, como consecuencia do seu estado ou utilización.*
3. *O Excmo. Concello de Vigo reservase a facultade de inspeccionar o estado da parcela e a súa adicación aos fins autorizados. Se con motivo da inspección observárase calquera anomalía poñeráse esta circunstancia en coñecemento do solicitante para que proceda a súa subsanación no prazo concedido ó efecto, procedéndose en caso contrario a revocación da autorización.*
4. *A presente autorización estará suxeita ao aboamento das taxas correspondentes por ocupación do dominio público municipal, de acordo co disposto na Ordenanza Fiscal correspondente.*
5. *A presente autorización resulta condicionada ao outorgamento da correspondente licenza urbanística, pola Xerencia Municipal de Urbanismo, para a realización das obras de impermeabilización interesadas, e sen prexuízo das demais autorizacións que requira. No prazo de 6 meses, dende a data da formalización en documento administrativo da presente autorización, debera terse outorgada dita licenza urbanística.*
6. *A autorización outorgase por un prazo de 3 meses, a computar dende a data da notificación da licenza urbanística a que se atopa condicionada a mesma.*
7. *A presente autorización non será transmisíbel a terceiros, nin susceptíbel de ser gravada con carga ningunha.*
8. *A autorización extinguirase pola concorrencia dalgunha das seguintes causas:*
 - a) *Transcurso do prazo ou prórrogas polo que foi outorgada a autorización*
 - b) *Renuncia da Comunidade autorizada.*
 - c) *Incumprimento dos fins ou actividades para os que foi autorizada.*
 - d) *A no concesión da licenza urbanística no prazo previsto.*
 - e) *Incumprimento das condicións nas que foi outorgada a autorización.*
 - f) *Revocación unilateral por parte do Concello de Vigo, cando así o requiran motivos de interese público municipal, sen xerar dereito a indemnización, o que deberá comunicarse á empresa cunha antelación mínima de 15 días.*

Extinguida por calquera das causas previstas a autorización, a comunidade autorizada procederá o desaloxo da parcela municipal, nun prazo máximo de quince días dende a data da notificación da extinción, correndo do seu cargo os gastos que se xeneren, e debendo repór o dominio público municipal ao seu estado orixinal.

Segundo.- A presente autorización formalizarase en documento administrativo nun prazo de 15 días dende a data da notificación do presente acordo ao solicitante.

Terceiro.- Dar traslado da presente aos servizos municipais interesados.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

25(880).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE GASTO MENOR TRAMITADOS POLO SERVIZO DA POLICÍA LOCAL DURANTE O SEGUNDO TRIMESTRE DO ANO 2013. EXPTE. 38647/212.

En cumprimento do disposto na base 31ª das do orzamento vixente, o concelleiro-Delegado de Seguridade e Mobilidade, en escrito do 2.08.13, dá conta da relación de expedientes de gasto menor realizados polo Servizo da Policía Local correspondente ao segundo trimestre do ano 2013 (abril, maio e xuño), que son os seguintes:

Expte.	Partida	CM	Asunto	Adxudicatario	Data Decreto	Data Rc	Importe
37630-A212	13202219900	SUB	Subministro de 2 alcotest	Drager Safety Hispania	15/04/13	23/04/13	2.081,20€
38032-212	13202270602	SER	Recollida análise drogas	Drager Safety Hispania	06/06/13	19/06/13	2.668,05€
38037-212	13202260100	SER	Atencións protocolarias e representativas em diversos actos e eventos	-	27/05/13	03/06/13	1.000,00€
37806-212	13202260100	SUB	Subministro de condecoracións	Arte en Bronce	26/04/13	02/05/13	11.872,52€
37457-212	13202260100	SUB	Subministro de salacots e metopas	Arte en Bronce	26/03/13	02/05/13	4.114,00€
85311-210	13202120000	SER	Reparación e conservación Academia Formación	José Carlos Costas Álvarez	08/04/13	17/04/13	46.921,96€
37670-212	13202260100	SER	Atencións protocolarias e representativas día da Policía Local	-	22/04/13	07/05/13	1.000,00€
37624-212	13202190000	SER	Reparación máquinas e aparellos ximnasio	-	16/04/13	22/04/13	1.000,00€
37999-212	13202279903	SER	Mantemento etilómetros	-	16/05/13	28/05/13	1.500,00

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

26(881).- ABONO DE CANTIDADE EN CONCEPTO DE ATRASOS CORRESPONDENTES Á DIFERENCIA NO COMPLEMENTO ESPECÍFICO DE INSPECTOR DA EVAP E INSPECTOR POLICÍA LOCAL. EXPTE. 23973/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 31.07.13, e de acordo co informe-proposta da técnica de Avaliación e Formación de Recursos Humanos, do 8.07.13, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

1.- Estimar a reclamación presentada por D Jose Manuel Vazquez Varela en escrito de data 26/10/2011 e en consecuencia acordar o aboamento da cantidade de 5814,71€ en concepto de atrasos correspondentes á diferenza no complemento específico entre o posto de Inspector Evap e Inspector Policia Local, liquidacion da paga extraordinaria e gratificacions por exceso de xornada, deixadas de percibir dende a data de restitucion de funcions na EVAP por acordo da Xunta de Goberno de data 21/2/2011 ata o 25/5/2012, data da súa incorporacion ao Servizo da Policia Local do Concello de Nigran, nos termos dos antecedentes expostos e de conformidade cos cálculos efectuados por este Servizo de Recursos Humanos. Dita cantidade sera aboada con cargo a partida 1320.1210101: COMPLEM.ESPECIFICO A2.

27(882).- DOMINGOS, FESTIVOS E NOCTURNIDADE DO PERSOAL DOS DISTINTOS SERVIZOS CORRESPONDENTES AO MES DE XUÑO DE 2013. EXP-TE. 24266/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 31.07.13, e de acordo co informe-proposta da técnica de Avaliación e Formación de Recursos Humanos, do 18.07.13, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e pola concelleira-delegada da Área de Benestar, Igualdade e Normalización Lingüística, a Xunta de Goberno local acorda:

Aboar en concepto de gratificación por servizos extraordinarios de domingos, festivos e a xornada nocturna ó persoal que figura nas relacións achegadas segundo a seguinte distribución:

SERVICIO	MES	APELIDOS E NOME	TOTAL FESTIVAS	TOTAL NOCTURNAS	IMPORTE TOTAL
Alcaldía	xuño	De Costas Fernández, Basilio a Fontán Balbuena, Camilo	611,04	155,04	766,08
Policia Local	xuño	De Abalde Casanova, Jesús I. a Villar Silva, Aida	44.911,80	27.159,88	72.071,68
Parque Móbil	xuño	De Alonso González, Ángel a Troncoso Martínez, Avelino	970,83	1.069,64	2.040,47
Extinción Incendios	xuño	De Alonso Covelo, Vicente a Veiga García, Rubén	2.962,74	587,52	3.550,26
Cemiterios	xuño	De Alfonso Paz, Jesús a Vilanova Acuña, Delmiro	2797,96	0,00	2797,96
Montes, Parques e Xardíns	xuño	De Casas Iglesias, Alfonso a Pérez Da Silva, Eduardo A.	442,20	0,00	442,20
Limpeza	xuño	De Asensio Rodríguez, Adonis a Vila Romero, Nemesio	365,82	1.022,72	1.388,54
Parque Central	xuño	De Aira Pereiro, Emilio a Rodríguez Leiros, Alfonso	1.350,72	783,36	2.134,08

IMD	maio xuño	De Ogando López, José M. a González Bello, Andrés	1.022,09	0,00	1.022,09
TOTALS			55435,2	30.778,16	86213,36

os importes que en cada caso se indican e que ascenden a un total de 86.213,36 € , con cargo a partida presupostaria 922.0.151.00.00-GRATIFICACIÓNS.

28(883).- COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE CONDUTORES ADSCRITOS AO GABINETE DA ALCALDÍA, CORRESPONDENTE AO SEGUNDO TRIMESTRE DE 2013. EXPTE. 24255/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 30.07.13, e de acordo co informe-proposta do técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, do 11.07.13, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e polo concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Aboar ós seguintes funcionarios, que prestan servicios como conductores adscritos a Alcaldía, as cantidades que para cada un deles se especifica, polo especial rendemento e dedicación extraordinaria no desenvolvemento dos seus postos de traballo, mais alá do meramente esixible polo desempeño das súas funcións públicas, de conformidade co regulamentado no artigo 5 do R. decreto 861/86, de 25 de abril, durante os meses de decembro de 2012 a marzo de 2013, de conformidade coa proposta do Xefe de Relacións Públicas e Protocolo, de data 8 de xullo de 2013:

- D. Basilio Costas Fernández, núm. persoal 10257, conductor da Alcaldía, por un importe total de 1.799,48 €.
- D. Camilo Fontán Balbuena, núm. persoal 22326, conductor da Alcaldía, por un importe total de 2.133,11 €.

Dese traslado da presente resolución ós interesados, ó Comité de Persoal e á Intervención Xeral, debendo expoñerse, así mesmo, no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello por prazo de quince días.

29(884).- GRATIFICACIÓN POR SERVIZOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS DO PERSOAL DO SERVIZO DE CEMITERIOS POR EXCESO DE XORNADA ANUAL CORRESPONDENTE AO MES DE XUÑO DE 2013. EXPTE. 24262/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 29.07.13, e de acordo co informe-proposta da técnica de Avaliación e Formación de Recursos Humanos, do 18.07.13, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e pola concelleira-delegada da Área de Benestar, Igualdade e Normalización Lingüística, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñece-las obrigas que polo concepto de gratificación por servizos especiais e extraordinarios en compensación ás horas en exceso realizadas durante o presente

ano do persoal administrativo do servizo de Cemiterios, aboaranse ós traballadores que figuran na relación que se achega no expediente e que comeza por don José Luis Hermida Rodríguez e remata por don G. Manuel Rosende Rios, as cantidades que figuran para cada un deles correspondente ao mes de Xuño-2013, e que ascenden a un total de 649'46 € (seiscentos coarenta e nove euros con coarenta e seis céntimos), con cargo á partida presupostaria 922.0.151.00.00-Gratificacións.

30(885).- GASTOS DE LOCOMOCIÓN XANEIRO-XUÑO 2013. EXPTE. 24272/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 30.07.13, e de acordo co informe-proposta da txefa do Servizo de Recursos Humanos, do 18.07.13, conformado concelleira-delegada da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar o gasto por un importe de 9.653,95 €, correspondente aos desprazamentos efectuados por persoal municipal no termo municipal de Vigo en concepto de indemnizacións por razón do servizo, acreditada a súa efectiva realización nos expedientes e informes recibidos no Servizo de Recursos Humanos, asinados polos correspondentes xefes/as dos servizos ou Áreas e contan coa conformidade dos Concelleiros/as-delegados/as das Áreas de goberno, segundo a relación contida no cadro subseguinte -que comeza por D. Raimundo Villar Estévez e que remata en D. Constantino Domínguez Casales-, imputándose o gasto con cargo á clasificación económica dos vixentes Orzamentos municipais 2312000 -Gastos de Locomoción, correspondente aos períodos que se indica:

Nº Expte.	Servicio	Traballador	DNI	Nº Per-soal	Mes	Importe
669261-250		Villar Estévez, Raimundo	36.012.815-J	11682	Xuño 2013	291,84 €
		Salgueiro Piñeiro, Benigno	36.009.349-C	10694	Xuño 2013	270,75 €
		Barciela Simón, Benito	36.008.640-R	13617	Xuño 2013	284,24 €
		Gómez Pascual, Julio	34.901.122-W	11819	Xuño 2013	259,54 €
		Oujo Gerut, Ventura	36.019.537-L	17740	Xuño 2013	283,67 €
		Matilde Viñas, Eugenio	36.000.551-P	11831	Xuño 2013	286,14 €
		Cobas Rey, Eugenio	36.017.739-S	15467	Xuño 2013	270,75 €
	O.S.P.I.O.	Ferro Mancho, Angel	36.072.730-J	79185	Abril-Xuño 2013	851,58 €
		Lobato Cameselle, Ricardo	35.999.817-X	17489	Abril-Xuño 2013	821,75 €
		Vázquez Rial, Ramón	36.022.874-K	13273	Abril-Xuño 2013	791,54 €
		Romero Gil-Delgado, Loreto	36.064.307-P	78929	Abril-Xuño 2013	872,86 €
6164-320	Part. Cidadá	Gutiérrez Orúe J.Francisco	13.894.232-R	13920	Xuño 2013	45,22 €
		Zaragoza Bastos, Juan A.	35.997.115-E	17704	Xaneiro-Xuño 2013	400,42 €
10008-77	D.Local e Empleo	Esteban Aguirre, Beatriz	35.255.476-H	80961	Xuño 2013	150,47 €
	Conserxería	Fernández Amil, Fernando	36.022.162-E	13706	Xuño 2013	288,80 €
		Yáñez Rodríguez, Julio	36.031.496-H	17822	Xuño 2013	195,13 €
86175-210		Roca Dafonte, José Manuel	32.429.643-B	15303	Xuño 2013	165,49 €
86176-210		Rodríguez Caramés, José M.	35.547.314-D	15355	Xuño 2013	144,02 €
86177-210		Bacelos González, José	36.023.371-N	15480	Xuño 2013	166,06 €
27812/27817-502	Inspección Tributos	Fragua Jamardo, Vicente	36.036.018-D	15510	Xuño 2013	203,30 €

Nº Expte.	Servicio	Traballador	DNI	Nº Personal	Mes	Importe
		Fernández Pedreira, Enrique	36.042.726-R	11529	Xuño 2013	202,92 €
		Comesaña Rial, Manuel	36.033.647-F	9550	Xuño 2013	228,38 €
		Domínguez Vázquez, José M.	36.006.131-E	8361	Xuño 2013	239,97 €
		González Campelos, Manuel	35.997.315-S	23656	Xuño 2013	240,35 €
	Cemiterios	Rodríguez López, Adolfo	36.030.284-W	76430	Xuño 2013	113,05 €
		Márquez Losada, Manuel E.	52.500.559-T	23509	Xaneiro-Xuño 2013	15,96 €
		Rodríguez Torres, Javier	76.995.552-Q	82215	Xaneiro-Xuño 2013	15,96 €
		Pereira Fona, Juan José	36.074.823-J	76563	Xaneiro-Xuño 2013	37,24 €
		Conde Borrajo, Emilio	34.598.864-X	15326	Xaneiro-Xuño 2013	21,28 €
	Museo da Cidade "Quiñones de León"	Egea Torrón, Pilar	50.806.376-C	18543	Marzo-Maio 2013	38,00 €
		Rodríguez Fernández, Javier	34.967.837-V	80072	Marzo-Maio 2013	11,40 €
		Román Breijo, Manuel	36.089.934-J	80567	Marzo-Maio 2013	11,40 €
86965-301	Benestar Social	Fajín Torres, Yolanda	33.297.554-V	79174	Marzo-Abril 2013	32,32 €
86968-301		Vázquez Noguerol, Rosa	36.016.448-N	21210	Marzo-Abril 2013	22,61 €
9848/9850-445	Parque Móbil	Alonso Ferragud, Santiago	35.973.972-V	16691	Marzo-Maio 2013	644,29 €
	Educación	Codesido Rodríguez, J.Felipe	36.081.823-K	19399	Maio-Xuño 2013	250,80 €
		Silva Lorenzo, Alfonso	36.002.568-R	15668	Maio-Xuño 2013	90,06 €
		Alonso Asenjo, Beatriz	35.991.455-C	15651	Maio-Xuño 2013	146,39 €
13316-310	Sanidade	Domínguez Casales, Constantino	36.017.614-M	14663	Maio 2013	248,00 €
TOTAL						9.653,95 €

	SERVIZO	TOTAL
1550	Vías e Obras-O.S.P.I.O.	5.284,66 €
2410	Participación Cidadá e Emprego	596,11 €
9220	Conserxería	483,93 €
1330	Mobilidade, Seguridade e Transportes	475,57 €
9310	Inspección de Tributos	1.114,92 €
1640	Cemiterios	203,49 €
3330	Museo da Cidade "Quiñones de León"	60,80 €
2310	Benestar Social	54,93 €
9222	Parque Móbil	644,29 €
3210	Educación	487,25 €
3134	Sanidade	248,00 €
	TOTAL	9.653,95 €

31(886).- NOMEAMENTO INTERINO, POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS, DUN OFICIAL XARDINEIRO, POR UN PERÍODO DE SEIS MESES. EXPTE. 24258/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 30.07.13, e de acordo co informe-proposta do técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, do 23.07.13, conformado pola xefa do Servizo de Re-

cursos Humanos e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Declara-la urxencia no nomeamento dun/dunha funcionario/a interino/a por acumulación de tarefas, como Oficial Xardineiro/a, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades do Servizo de Montes, Parques e Xardíns, contidas no escrito de data 28 de maio de 2013 e, en consecuencia, autoriza-lo gasto por importe de 11.160,00€ con cargo a partida orzamentaria 922.0.140.00.00 -outras modalidades contratación laboral, para facer fronte ao referido nomeamento.

Segundo.- Nomear como funcionario interino por acumulación de tarefas por un período máximo de seis meses, á D. JOSÉ MANUEL GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, DNI 36.086.425-T, seguinte aspirante que superou tódolos exercicios da oposición nas derradeiras convocatorias para a provisión de prazas de oficial xardineiro/a, incluídas na Oferta de Emprego Público correspondente o ano 2008, de conformidade coas bases xerais da mesma.

Terceiro.- O referido nomeamento farase de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, rematando cando transcurran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto Cód. 234, oficial xardineiro, sendo adscrito ao Servizo de Montes, Parques e Xardíns (cód. 446).

Cuarto.- A xonada laboral do efectivo nomeado, desenvolverase preferentemente en xornada continuada de mañá –07,30 a 15,00 horas-. En calquera caso, contarase con dispoñibilidade horaria para traballar en quenda de tarde, si por requerimento do Servizo fose necesario.

Quinto.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte ao da publicación do acto que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos, 8, 25 e 46 da vixente Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.”

32(887).- NOMEAMENTO COMO FUNCIONARIOS DE CARREIRA CON CARGO A PRAZAS VACANTES DE INSPECTOR/A DE CONTROL DE CONCESIONARIAS (OEP 2010-2011). EXPTE. 24310/220.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, do 31.07.13, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Nomear funcionarios de carreira, con cargo a prazas vacantes de inspector/a de Control de Concesionarias, aos seguintes aspirantes propostos polo tribunal cualificador, que superaron todos os exercicios da oposición e obtiveron a máxima puntuación segundo proposta do órgano de selección contida na acta de 26 de xuño de 2013:

- D. EUGENIO COBAS REY, con DNI nº 36.017.739-S, que obtivo 22,33 puntos.
- Da. LORETO ROMERO GIL-DELGADO, con DNI nº 36.064.307-P, que obtivo 21,28 puntos.
- D. GONZALO ARGIBAY BARCIELA, con DNI nº 36.035.612-V, que obtivo 18,33 puntos.

O presente nomeamento únicamente terá efectos coa formalización da toma de posesión como funcionarios de carreira, que deberá realizarse no prazo dun mes a contar dende o día seguinte á notificación do presente acordo, debendo publicarse, unha vez efectuada, no Diario Oficial de Galicia.

Segundo.- O presente acordo notifíquese aos interesados, Intervención Xeral, Servizo de Recursos Humanos (organización e planificación, negociado de seguridade social e inspector auxiliar de persoal), Comité de Persoal, xefe do servizo de Vías e Obras e xefe da OSPIO.

Terceiro.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente consonte ao disposto na Lei 36/2011, de 10 de outubro, Reguladora da Xurisdicción Social.

33(888).- NOMEAMENTO COMO FUNCIONARIO DE CARREIRA DE D. ANTONIO BARREIRA PAZOS, CON CARGO Á PRAZA DE INSPECTOR DE SANIDADE (OEP 2010-2011). EXPTE. 24305/220.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, do 31.07.13, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Nomear funcionario de carreira, con cargo a praza vacante de inspector/a de sanidade, ao seguinte aspirante proposto polo tribunal cualificador, que superou todos os exercicios da oposición e obtivo a máxima puntuación segundo proposta do órgano de selección contida na acta de 25 de xuño de 2013:

- D. ANTONIO BARREIRA PAZOS, con DNI nº 36.090.046-X, que obtivo 24,75 puntos.

O presente nomeamento únicamente terá efectos coa formalización da toma de posesión como funcionario de carreira, que deberá realizarse no prazo dun mes a contar dende o día seguinte á notificación do presente acordo, debendo publicarse, unha vez efectuada, no Diario Oficial de Galicia.

Segundo.- O presente acordo notifíquese ao interesado, Intervención Xeral, Servizo de Recursos Humanos (organización e planificación, negociado de seguridade social e inspector auxiliar de persoal), Comité de Persoal e xefe do servizo de Medio Ambiente.

Terceiro.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente consonte ao disposto na Lei 36/2011, de 10 de outubro, Reguladora da Xurisdicción Social.

34(889).- NOMEAMENTO COMO FUNCIONARIO DE CARREIRA DE D. GUMERSINDO VÁZQUEZ PEDRIDO, CON CARGO Á PRAZA DE TÉCNICO DE MANTENIMENTO INFORMÁTICO (OEP 2010-2011). EXPTE. 24276/220.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, do 31.07.13, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Nomear funcionario de carreira, con cargo a praza vacante de técnico/a de mantemento de informática, ao seguinte aspirante proposto polo tribunal cualificador, que superou todos os exercicios da oposición e obtivo a máxima puntuación (19,935 puntos), D. GUMERSINDO VÁZQUEZ PEDRIDO, con DNI nº 36.051.268-X, segundo proposta do órgano de selección contida na acta de 21 de xuño de 2013:.

O presente nomeamento únicamente terá efectos coa formalización da toma de posesión como funcionario de carreira, que deberá realizarse no prazo dun mes a contar dende o día seguinte á notificación do presente acordo, debendo publicarse, unha vez efectuada, no Diario Oficial de Galicia.

Segundo.- O presente acordo notifíquese ao interesado, Intervención Xeral, Servizo de Recursos Humanos (organización e planificación, negociado de seguridade social e inspector auxiliar de persoal), Comité de Persoal e xefe/a do servizo ao que se adscriba a praza.

Terceiro.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente consonte ao disposto na Lei 36/2011, de 10 de outubro, Reguladora da Xurisdicción Social.

35(890).- NOMEAMENTO COMO FUNCIONARIA DE CARREIRA DE D^a. FÁTIMA DUEÑAS CORCHERO, CON CARGO Á PRAZA VACANTE DE TÉCNICO/A DE EMPRESAS E ACTIVIDADES TURÍSTICAS (OEP 2010-2011). EXPTE. 24298/220.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, do 31.07.13, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Nomear funcionaria de carreira, con cargo a praza vacante de técnico/a de empresas e actividades turísticas, á seguinte aspirante proposta polo tribunal cualificador, que superou todos os exercicios da oposición e obtivo a máxima puntuación (27,94 puntos), Da. FÁTIMA MARÍA DUEÑAS CORCHERO, con DNI nº 44.085.056-J, segundo proposta do órgano de selección contida na acta de 19/07/2013.

O presente nomeamento únicamente terá efectos coa formalización da toma de posesión como funcionaria de carreira, que deberá realizarse no prazo dun mes a contar dende o día seguinte á notificación do presente acordo, debendo publicarse, unha vez efectuada, no Diario Oficial de Galicia.

Segundo.- O presente acordo notifíquese á interesada, Intervención Xeral, Servizo de Recursos Humanos (organización e planificación, negociado de seguridade social e inspector auxiliar de persoal), Comité de Persoal e xefe/a do servizo ao que se adscriba a praza.

Terceiro.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente consonte ao disposto na Lei 36/2011, de 10 de outubro, Reguladora da Xurisdicción Social.

36(891).- NOMEAMENTO COMO FUNCIONARIO DE CARREIRA DE D. ÓSCAR COUCE SENRA, CON CARGO Á PRAZA VACANTE DE TÉCNICO/A DE XESTIÓN (OEP 2010-2011). EXPTE. 24306/220.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, do 31.07.13, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Nomear funcionario de carreira, con cargo a praza vacante de técnico/a de xestión, ao seguinte aspirante proposto polo tribunal cualificador, que superou todos os exercicios da oposición e obtivo a máxima puntuación (26,975 puntos), D. OSCAR COUCE SENRA, con DNI nº 32.677.831-Y, segundo proposta do órgano de selección contida na acta de 08 de xullo de 2013.

O presente nomeamento únicamente terá efectos coa formalización da toma de posesión como funcionario de carreira, que deberá realizarse no prazo dun mes a contar dende o día seguinte á notificación do presente acordo, debendo publicarse, unha vez efectuada, no Diario Oficial de Galicia.

Segundo.- O presente acordo notifíquese ao interesado, Intervención Xeral, Servizo de Recursos Humanos (organización e planificación, negociado de seguridade social e inspector auxiliar de persoal), Comité de Persoal e xefe/a do servizo ao que se adscriba a praza.

Os devengos retributivos en concepto de produtividade e gratificacións forman parte das retribucións complementarias dos funcionarios públicos, como así recolle a Lei 7/2007, do 12 de abril do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE nº 89, do venres 13 de abril do 2007) no seu artigo 24. Dado que o novo réxime retributivo deseñado na devandita norma xurídica non entrará en vigor ata a o desenvolvemento lexislativo posterior consonte á Disposición Final Cuarta da mesma norma, e vista a derogación expresa que do artigo 23 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, efectúa a Disposición Derogatoria Única, apartado b), debe acudirse ao preceptuado na a Lei 17/2012, do 27 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2013;

En igual senso, o artigo 5 do R.D. 861/86, de 25 de abril, polo que se regula o réxime de retribucións dos funcionarios da Administración local, o complemento de produtividade está destinado a retribuí-lo especial rendimento, actividade extraordinaria, e o interese e iniciativa coa que o funcionario desenvolve o seu traballo.

A apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ao mesmo, sen que en ningún caso as contías asignadas por dito complemento durante un período de tempo devenguen dereito individual algún verbo das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

As cantidades que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais dos traballadores/as.

As vixentes Instrucións sobre Plantilla e Relación de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus organismos autónomos, aprobadas pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de 20 de setembro de 2010 recollen expresamente unha detallada regulación do complemento de produtividade e dos requisitos para a súa percepción (Instrucción Terceira, parágrafo sexto):

“En todo caso, retribuirase:

a) A actividade e dedicación extraordinaria derivada da acumulación temporal de dous postos de traballo por motivos de urxencia e necesidade debidamente acreditados, autorizada pola Alcaldía, tralo informe favorable da Xunta de Persoal, por importe equivalente ao do complemento de destino do posto acumulado.

Para a súa tramitación será imprescindible proposta do Xefe do Servizo, conformada polo Concelleiro/a Delegado/a da Área. O Xefe do Servizo deberá dar conta á Unidade de Persoal da finalización da acumulación no mesmo día na que se produza, remitindo a Unidade de Persoal informe no que se faga constar as tarefas desempeñadas correspondentes ao posto acumulado, así como a avaliación do desempeño das tarefas acumuladas.

En ningún caso poderase acumularse postos de inferior categoría.”

A produtividade deberase calcular en función dos días efectivamente traballados.

Na actualidade non existe no Concello mecanismo algún que permita efectuar unha avaliación do rendemento dos empregados públicos municipais –mecanismo a todas luces recomendable e case imprescindible aos efectos de que os devengos retributivos en concepto de produtividade se asignen consonte a criterios obxectivos. Lémbrese que a Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, atópase na actualidade pendente de desenvolvemento normativo, tanto por parte do lexislador estatal como polas Comunidades Autónomas no seu marco competencial constitucionalmente asignado, polo que tampouco están definidos criterios legais que servan de orientación a estes efectos e que permitan a aprobación de mecanismos ou sistemas acordes coa vontade do lexislados e que sexan homoxéneos para a totalidade das Adminsitracións Públicas.

No cadro seguinte recollense os datos referentes ao disfrute de vacacions ou baixas por Incapacidade Temporal (enfermidade comun) no periodos reflexados.:

NOME	PERIODO	Vac	A. P.	Baixas
Couce Senra; Oscar	1/1-31/3/2012	0	0	0
Covelo Roma Rosendo	1/1-31/3/2012	0	1	0
Gutierrez Orue, Francisco Javier	3/1-31/3/2013	3	1	0
Jesus Lopez Moure	1/1-31/3/2012	0	0	0
Rodríguez Ferreira, Albino	1/1-31/3/2012	0	0	0
SanLuis Costas, Avelino	1/10-31/12/2012	0		0
Vieites Alen, María Dolores	sept 12-feb 13	0	0	0

Vistas as circunstancias anteditas, e sempre previo o preceptivo informe de fiscalización en relación á existencia de crédito suficiente na partida de imputación do gasto 922.0.1500000-“Productividade”, nos termos do disposto nos artigos 214 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, ELÉVASE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL A SEGUINTE PROPOSTA:

1. Outorgar aos empregados municipais que a continuación se relacionan os complementos de produtividade propostos pola realización das funcións encomendadas:

N.P.	DNI	NOME	PERIODO	IMPORTE
79389	32677831	Couce Senra; Oscar	1/1-31/3/2012	1.795,38 €
23627	36077859	Covelo Roma Rosendo	1/1-31/3/2012	2.071,33 €
13.920	13894232	Gutierrez Orue Francisco J	3/1-21/3/2012	1.978,23 €
77210	36106611	Jesus Lopez Moure	1/1-31/3/2012	1.858,41 €
77.274	36025379-L	Rodríguez Ferreira, Albino	1/1-31/3/2012	2.600,00 €
9.900	35946375	SanLuis Costas, Avelino	1/10-31/12/2012	2.094,60 €
77.222	36101442-K	Vieites Alen, María Dolores	sept 12-feb 13	1.300,00 €
			TOTAL	13.697,95 €

2. *Aprobar e comprometer o gasto por importe total de 13.697,95€ en concepto de produtividade a favor dos empregados municipais anteriormente referenciados, con cargo á partida orzamentaria 922.0.1500000 "Productividade".*

Dése traslado do presente acordo aos interesados, Intervención Xeral e Comité de Persoal aos efectos oportunos, debendo expoñerse asemade no Taboeiro de Edictos por un prazo de dez días para público coñecemento."

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa."

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

50(905).- EXECUCIÓN DA SENTENZA DO TSXG DE 22 DE MAIO DE 2013, ESTIMATORIA PARCIAL DA PRETENSIÓN EXERCITADA POR D^a SILVIA TABOADA GONZÁLEZ EN RELACIÓN Á OEP 2008 (ADMINISTRATIVOS ADMÓN XERAL-QUENDA PROMOCIÓN INTERNA). EXPTE. 24322/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos, do 1.08.13, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- En data 22/05/2013, o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG) dictou sentenza no recurso de apelación nº 125/2013, interposto polo Concello de Vigo contra a Sentenza nº 29, do 29.01.2013, dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo e estimatoria parcial do recurso contencioso-administrativo nº 90/2012, interposto por D^a Silvia Taboada González contra o acordo da Xunta de Goberno Local de 13/01/2012, nomeando funcionarios de carreira para as prazas de administrativo de administración xeral (quenda de promoción interna) encadradas na Oferta de Emprego Público (OEP) 2008.

A sentenza de instancia, obxecot de apelación, fallaba que:

"Debo estimar parcialmente y estimo parcialmente el recurso contencioso-administrativo interpuesto por D^a Silvia Taboada González frente al Concello de Vigo, seguido como proceso abreviado nº 90/2012 ante este Juzgado, contra el acto administrativo citado en el encabezamiento, que no se considera acorde al ordenamiento jurídico, por lo que se anula.

En consecuencia, ordeno la retroacción de las actuaciones al momento justo anterior a la valoración de la formación, para que por parte del órgano evaluador se proceda a computar –a todos los participantes en el proceso selectivo- el curso analizado en esta resolución, y se coloque a la actora en la posición que legítimamente le correspondía, efectuando la propuesta de nombramiento conforme al resultado así obtenido".

2.- En oficio de data 05/07/2013, a Asesoría Xurídica Municipal comunica a dación de conta da resolución xudicial firme á Xunta de Goberno Local, significando a necesidade de execución do resolto en tempo e forma, polo que procede a inmediata execución do mandato xudicial.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I. O artigo 103.2 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, establece que as resolucións xudiciais firmes son de obrigado cumprimento na forma e nos termos que nestas se consignent; no mesmo senso se manifesta o artigo 18.2 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, cando afirma que as sentenzas haberán de cumprirse nos seus propios termos.

A vixente Constitución de 1978 contempla no seu artigo 118 a obrigatoriedade de cumprimento das sentenzas e demais resolucións firmes emanadas dos xuíces e Tribunais, así como a de prestar a colaboración requirida por éstos, tanto no curso do proceso coma na execución do resolto.

A Administración Pública está suxeita, no desenvolvemento da súa actividade, ao principio constitucional do pleno sometemento á Lei e ó Dereito (artigo 103); no apartado 2 do artigo 103 da citada Lei 29/1998 se consigna a obriga que teñen todas as persoas e entidades -públicas e privadas- de prestar toda a colaboración requirida polos xulgados e tribunais do Contencioso-Administrativo para a debida e completa execución do resolto. É no apartado 4 do mesmo onde se establece que son nulos de pleno dereito os actos e disposicións contrarios ós pronunciamentos das sentenzas que se dicten coa finalidade de eludir o seu cumprimento.

No artigo 17.2 da Lei Orgánica do Poder Xudicial xa citada preceptúase que as Administracións Públicas, as autoridades e funcionarios, as Corporacións e todas as Entidades públicas e privadas deben respetar, e, no seu caso, cumprir as sentenzas e demais resolucións xudiciais que teñen gañado firmeza ou sexan executables de conformidade coas leis.

II. Tal e como sinala o Tribunal Constitucional na Sentenza 66/1982, de 12 de novembro, e que constitúe criterio xurisprudencial, "... o artigo 24 da Constitución Española, en canto que garante a todas as persoas o dereito a obter a tutela efectiva de xuíces e tribunais no exercicio dos seus dereitos e intereses lexítimos, implica o recoñecemento dos efectos das resolucións dos tribunais predeterminados pola Lei por todos os órganos do Estado".

III. No presente suposto, debe prestarse especial atención aos pronunciamentos xudiciais que valoran as circunstancias concorrentes no proceso selectivo interno convocado para a provisión de prazas de administrativo de administración xeral (quenda de promoción interna) encadradas na OEP 2008, en relación ás cales, a sentenza que se executa sinala (fundamento xurídico terceiro) que:

"La baremación de los cursos de formación no fue correctamente efectuada por el órgano de selección.

Por tanto, debe estimarse sustancialmente el recurso interpuesto por la actora, y acordar retrotraer las actuaciones al momento justo anterior a la valoración de la formación, para que por parte del órgano evaluador se proceda a computar –para todos los participantes en el proceso selectivo- el curso analizado en esta resolución y se coloque en definitiva a la demandante en la posición que legítimamente le correspondía."

Por tal motivo, deberá acordarse executar a sentenza indicada, convocando ao órgano de selección encargado do proceso selectivo indicado, para que proceda a realizar as actuacións indicadas na resolución xudicial obxecto de execución.

IV. Sen prexuízo das competencias que o Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal ostenta en canto ó cumprimento dos mandamentos e exhortos procedentes das autoridades xudiciais relacionados co persoal municipal, delegadas por Decreto da Alcaldía de 07/02/2013, corresponde á Xunta de Goberno Local a competencia para acordar a execución efectiva da sentenza, toda vez que implica a convocatoria dun proceso selectivo en execución de sentenza e a designación do mesmo órgano de selección, de conformidade co establecido no artigo 127.1.h) da vixente Lei 7/1985, do 2

de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local.

Consecuentemente, sométese á consideración da Xunta de Goberno Local a aprobación da seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

“PRIMEIRO.- Proceder ao efectivo cumprimento do mandato xudicial contido na Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia do 22 de maio do 2013, estimatoria parcial da pretensión exercitada por D^a Silvia Taboada González en relación á Oferta de Emprego Público 2008 (administrativos de administración xeral-promoción interna), confirmatoria da Sentenza nº 29, do 29/01/2013 dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo e estimatoria parcial do recurso contencioso-administrativo nº 90/2012, interposto por D^a Silvia Taboada González contra o acordo da Xunta de Goberno Local de de 13/01/2012, nomeando funcionarios de carreira para as prazas de administrativo de administración xeral (quenda de promoción interna) encadradas na Oferta de Emprego Público (OEP) 2008, na cal se fallou que:

“Debo estimar parcialmente y estimo parcialmente el recurso contencioso-administrativo interpuesto por D^a Silvia Taboada González frente al Concello de Vigo, seguido como proceso abreviado nº 90/2012 ante este Juzgado, contra el acto administrativo citado en el encabezamiento, que no se considera acorde al ordenamiento jurídico, por lo que se anula.

En consecuencia, ordeno la retroacción de las actuaciones al momento justo anterior a la valoración de la formación, para que por parte del órgano evaluador se proceda a computar –a todos los participantes en el proceso selectivo- el curso analizado en esta resolución, y se coloque a la actora en la posición que legítimamente le correspondía, efectuando la propuesta de nombramiento conforme al resultado así obtenido”.

SEGUNDO.- Convocar, ao abeiro do disposto na resolución xudicial que se executa, ao órgano de selección encargado de realizar as actuacións ordenadas pola sentenza que se executa, nos termos do disposto na Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, que estará composto polos membros do órgano designado no seu día para a selección de administrativos de administración xeral encadradas na OEP 2008 (quenda de promoción interna) segundo acordo desta Xunta de Goberno de data 12/04/2011 (expediente administrativo nº 21.941/220) e que estará composto polos seguintes membros:

Presidente/a:

-Titular: Luz María González Domínguez, técnica de actividades turísticas do Concello de Vigo.

-Suplente: D^a Sonia Estrada Ibañez, técnica de formación e avaliación de Recursos Humanos do Concello de Vigo

Corresponde ao Presidente/a acordar as convocatorias das sesións ordinarias e extraordinarias, presidir as sesións, moderar o desenvolvemento dos debates e suspendelos por causas xustificadas, asegura-lo cumprimento das leis, dirimir co seu voto os empates nos termos legalmente previstos, visar as actas e certificacións dos acordos do órgano de selección e as demais que lle outorgue a lexislación vixente.

Secretario/a:

-Titular: Rosa Ana Garcinuño Barreiro, xefa de Seguridade do Concello de Vigo.

-Suplente: D^a María José Loureiro Bada, xefa do Servizo de Inspección de Tributos do Concello de Vigo.

Será Secretario/a un funcionario con habilitación de carácter estatal ou técnico de administración xeral (rama xurídica) funcionario de carreira do Concello de Vigo, que intervirá con voz e sen voto, con funcións de asesoramento legal ao órgano de selección, custodia dos exames e actas, elaboración

de actas dos acordos e informe xurídico en relación cos recursos administrativos que poidan presentarse contra os actos e acordos do órgano de selección. Igualmente deberá realizar as funcións previstas no artigo 25 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999.

Vogais:

1º VOGAL:

-Titular: D^a Mónica Domínguez Estévez, técnico de xestión do Concello de Vigo.
-Suplente: D^a Marta Román Breijo, administrativa de Administración Xeral do Concello de Vigo.

2º VOGAL:

-Titular: D^a. Carmen Franco Alonso, administrativa de Administración xeral do Concello de Pontevedra.
-Suplente: D. Manuel Sanesteban Rodríguez, administrativo de Administración xeral do Concello de Neda.

3º VOGAL:

-Titular: D. Oscar Couce Senra, administrativo da Xerencia Municipal de Urbanismo.
-Suplente: D^a. Concepción Rodríguez Garrido, administrativa do Concello de Vigo.

Os integrantes do órgano de selección deberán absterse de tomar parte no proceso selectivo cando concorran as causas recollidas no artigo 28 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999. Asemade, os aspirantes poderán recusar aos mesmos nos supostos previstos no artigo 29 da mesma norma.

Este órgano de selección, designado para a execución da sentenza xudicial firme e coincidente co órgano encargado do proceso selectivo obxecto de anulación parcial, terá carácter colexiado e estará integrado por 5 membros, debendo ter todos eles titulación igual ou superior á esixida para o acceso á praza. Actuarán con voz e voto -a excepción do Secretario/a- cumprindo os principios de profesionalidade, imparcialidade, especialidade técnica e comparecencia a título individual contidos no artigo 60 da Lei 7/2007, do 12 de abril, así como os xerais esixidos no artigo 127 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e normativa de concordante aplicación.

TERCEIRO.- Ordenar a constitución do órgano de selección no prazo máximo de 1 mes contado dende o día seguinte ao da notificación do seguinte acordo ao Presidente/a do mesmo, debéndose proceder á convocatoria dos aspirantes e posteriormente á realización das actuacións contidas na sentenza xudicial a executar; actuacións das que se dará debida conta en tempo e forma á Asesoría Xurídica Municipal e ao Servizo de Recursos Humanos do Concello para coñecemento, efectos e comunicación aos órganos xurisdiccionais competentes.

CUARTO.- Dar conta do presente acordo á Asesoría Xurídica Municipal (Sra. Titular e Sr. Xefe do Servizo Contencioso); Área de Réxime Interior (Xefatura da Área e Planificación e Organización); funcionarios/as afectados/as pola sentenza que se executa, e Comité de Persoal aos efectos que procedan."

Contra a presente resolución, que ten natureza xurídica e procedimental de acto de trámite, en cumprimento de resolución xudicial firme, unicamente caberá a interposición de recurso potestativo de reposición nos supostos previstos no artigo 107 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da notificación da mesma, sen prexuízo de calquera outro que, en vía xurisdiccional, estimen procedente en defensa dos seus dereitos.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

51(906).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS:

A) RESOLUCIÓN DO CONCELLEIRO-DELEGADO DE XESTIÓN MUNICIPAL DE DATA 30/07/2013, DE ENCOMENDA PROVISIONAL DE FUNCIÓNS Á FUNCIONARIA D^a MARTA RIOBÓ IBAÑEZ. EXPTE. 24313/220.

Dáse conta da devandita resolución de data 30.07.13, que di o seguinte:

En data 28/02/2013 –reiterada o día 07/06/2013- a 1^a Tenente de Alcalde e Concelleira Delegada da Área de Urbanismo, solicita a creación dunha Xefatura da Área da 1^a Tenencia de Alcaldía, dada a nova estrutura das áreas executivas do Goberno, segundo Resolución de data 7 de febreiro de 2013. En data 15 de xullo ppdo., solicita que mentres non sexa posible, e dada a urxencia da súa creación propón que as funcións propias do posto sexan asumidas pola actual Xefa de Rehabilitación e Cascos Históricos, Dna. Marta Riobo Ibáñez (Nº Personal: 76267).

Dada a necesidade de manter o correcto funcionamento do Servizo, e con fin de garantir a adecuada prestación do servizo público, considerando o disposto no artigo 73.2 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE nº 89, do venres 13 de abril do 2007) que preceptúa que as Administracións Públicas poderán asignar ao seu personal función, tarefas ou función distintas ás correspondentes ao posto de traballo que desenvolvan, sempre que resulten adecuadas a súa clasificación, grao ou categoría, cando as necesidades do servizo así o xustifiquen e sen merma das retribucións.

No uso das competencias que a normativa vixente en materia de réxime local lle confire á Alcaldía- Presidencia en canto á superior dirección do persoal municipal, contidas no artigo 124.4.i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, e que ostento por delegación efectuada por acordo da Xunta de Goberno Local de data 08/02/2013, en canto á xefatura directa e inmediata do persoal municipal,

R E S O L V O

“Primeiro.- Encomendar provisionalmente á funcionaria municipal Dna. Marta Riobó Ibáñez (nº persoal: 76267), xefa do servizo de rehabilitación e cascos históricos, as funcións correspondentes á xestión, tramitación, seguimento e control da actividade dos servizos dependentes da Tenencia de Alcaldía (Patrimonio, Patrimonio Histórico) así como asuntos de urbanismo que lle sexan encomendados pola Xerente de Urbanismo, compatibilizando ditas funcións coas propias do su posto de traballo, co fin de garantir a adecuada prestación do servizo público, sempre que resulten adecuadas a súa clasificación, grao ou categoría e sen prexuízo tanto das tarefas propias do posto de traballo ao cal está adscrita, como das características inherentes á praza da cal é titular, baixo a dirección da Concelleira da Área, dentro da súa xornada habitual de traballo.

Segundo.- Da presente resolución dese traslado á interesada xefes/as dos servizos correspondentes e concelleiros/as-delegados/as das Áreas afectadas, Xefatura da Área de Réxime Interior, Servizo de Recursos Humanos, Intervención Xeral Municipal, así como ao Comité de Persoal, para coñecemento e aos efectos oportunos.

Terceiro.- Dar conta da presente á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento.”

Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que a dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

B) RESOLUCIÓN DO ALCALDE-PRESIDENTE, DE PRÓRROGA DE CONTRATO LABORAL EN PRÁCTICAS, POR UN PERÍODO DE SEIS MESES, DE DOUS/DUAS AUXILIARES DE LABORATORIO. EXPTE. 24256/220.

Dáse conta da devandita resolución de data 22.07.13, que di o seguinte:

Primeiro.- Autoriza-la prórroga por un período de seis meses dos contratos en prácticas subscritos en data 01 de agosto de 2012 polo período dun ano, cos/coas Auxiliares de Laboratorio, D^a Sandra Gregores Alvarez, DNI. 76905492-R, n^o persoal 82219 e, D. Pedro Pousa Fernández, DNI 77.003.590-G, con efectos a partir do vindeiro 1 de agosto de 2013 e, extendéndose a mesma ata o 31 de xaneiro de 2014, en cumprimento do acordo da Xunta de Goberno local de 27 de xullo de 2013, no cal se preveía expresamente a posibilidade de prórroga dos mesmos, autorizando un gasto por importe de 15.393,88€, con cargo á partida orzamentaria 922.0.140.00.00- outras modalidades de contratación laboral.

Segundo.- Dar conta da presente Resolución os/as interesados/as, Intervención Xeral, Directora do Laboratorio municipal, concelleira-delegada da Área de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, Servizo de Recursos Humanos, Organización e Métodos, así como o Comité de Persoal ós efectos oportunos.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

C) RESOLUCIÓN DO CONCELLEIRO-DELEGADO DE XESTIÓN MUNICIPAL, DE DATA 16/07/2013, DE RENUNCIA DE OFICIAL XARDINEIRO -VIGO EMPREGA 2012-. EXPTE. 24270/220.

Dáse conta da devandita resolución de data 16.07.13, que di o seguinte:

Con data 16 de xullo 2013, tivo entrada a través do Rexistro Xeral solicitude (doc. 130084010) presentada por D. José Angel García Calleja, con DNI 36050733-G, Oficial xardineiro do programa Vigo-Emprega, a través da cal renuncia por mellora profesional con efectos do 15 de xullo de 2013 a dito posto.

Con data 16 de xullo de 2013, polo Xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego remítese informe polo que se acepta dita renuncia.

O interesado foi contratado con data 7 de setembro de 2012, a través dun contrato de obra ou servizo determinado para o programa "Vigo Emprega 2012".

De conformidade co previsto no art. 10 en relación co art. 64.1 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, o cese do persoal das administracións públicas produciuse pola renuncia que deberá ser manifestada por escrito e aceptada expresamente pola Administración.

Por isto, no uso das competencias que a lexislación vixente en materia de réxime local atribúe á Alcaldía-Presidencia en canto á superior dirección do persoal municipal, preceptuadas no art. 124.4.i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, e que en canto á xefatura directa e inmediata do persoal municipal ostento por delegación do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, efectuada en Decreto de 7 de febreiro de 2013,

R E S O L V O :

Aceptar a renuncia presentada con data 16 de xullo de 2013 por D. José Angel García Calleja, con DNI 36050733-G, nº de persoal 82258, oficial xardineiro do programa "Vigo Emprega 2012", con efectos do día 15 de xullo de 2013, de conformidade co previsto no art. 10 en relación co 64.1 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

A presente resolución notifíquese o interesado, Xefatura de Desenvolvemento Local e Emprego, Xefatura de Área de Réxime Interior, Servizo de Recursos-Humanos (Negociado de Seguridade Social e Inspector de Persoal), Intervención Xeral aos efectos da súa baixa na nómina municipal, debéndo darse conta a Xunta de Goberno Local.

Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que a dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1198, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

D) RESOLUCIÓN DO CONCELLEIRO-DELEGADO DE XESTIÓN MUNICIPAL DE RENUNCIA DE D. ALBERTO VILA GONZÁLEZ (CAPATAZ XARDINEIRO VIGO EMPREGA 2012), CON DATA DE EFECTOS 11/07/2013. EXPTE. 24271/220.

Dáse conta da devandita resolución de data 16.07.13, que di o seguinte:

Con data 12 de xullo 2013, tivo entrada a través do Rexistro Xeral solicitude (doc. 130082564) presentada por D. Alberto Vila González, con DNI 53171558-C, Capataz-xardineiro do programa Vigo-Emprega, a través da cal renuncia con efectos do 11 de xullo de 2013 a dito posto.

Con data 15 de xullo de 2013, polo Xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego remítese informe polo que se acepta dita renuncia.

O interesado foi contratado con data 7 de setembro de 2012, a través dun contrato de obra ou servizo determinado para o programa "Vigo Emprega 2012".

De conformidade co previsto no art. 10 en relación co art. 64.1 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, o cese do persoal das administracións públicas prodúcese pola renuncia que deberá ser manifestada por escrito e aceptada expresamente pola Administración.

Por isto, no uso das competencias que a lexislación vixente en materia de réxime local atribúe á Alcaldía-Presidencia en canto á superior dirección do persoal municipal, preceptuadas no art. 124.4.i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, e que en canto á xefatura directa e inmediata do persoal municipal ostento por delegación do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, efectuada en Decreto de 7 de febreiro de 2013,

R E S O L V O :

Aceptar a renuncia presentada con data 12 de xullo de 2013 por D. Alberto Vila González, con DNI 53171558-C, nº de persoal 82299, capataz xardineiro do programa "Vigo Emprega 2012", con efectos do día 11 de xullo de 2013, de conformidade co previsto no art. 10 en relación co 64.1 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

A presente resolución notifíquese o interesado, Xefatura de Desenvolvemento Local e Emprego, Xefatura de Área de Réxime Interior, Servizo de Recursos-Humanos (Negociado de Seguridade Social e Inspector de Persoal), Intervención Xeral aos efectos da súa baixa na nómina municipal, debendo darse conta a Xunta de Goberno Local.

Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que a dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

E) RESOLUCIÓN DO CONCELLEIRO-DELEGADO DA ÁREA DE XESTIÓN MUNICIPAL RELATIVA AO NOMEAMENTO DE D^a M^a ANTONIA GONZÁLEZ PEINADO COMO SUBALTERNO. EXPTE. 24335/220.

Dáse conta da devandita resolución de data 5.08.13, que di o seguinte:

Con data 02 de agosto de 2013, tivo entrada a través do Rexistro Xeral solicitude (doc. 130092446) escrito presentado por D. Joaquín Ocampo Cardalda, con DNI 35.552.235-P, a través da cal renuncia ao nomeamento como subalterno por acumulación de tarefas, por un período máximo de un mes.

A Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria celebrada o día 12 de xuño de 2013, aprobou o nomeamento interino por acumulación de tarefas, de oito subalternos, polo período máximo de seis meses, entre os que se atopaba D. Joaquín Ocampo Cardalda, que debería comezar a prestar os seus servizos na Conserxería, o día 02/07/2013.

De conformidade co previsto no art. 10 en relación co art. 64.1 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, o cese do persoal das administracións públicas produciuse pola renuncia que deberá ser manifestada por escrito e aceptada expresamente pola Administración.

Á vista da renuncia presentada e dada a urxencia de nomeamento dos oito subalternos, xustificado polas necesidades do Servizo de Conserxería, contidas no expte. 24173/220, aprobado pola Xunta de Goberno en sesión de 12/06/2013, polo Servizo de Recursos Humanos procedeu-se ao chamamento da seguinte aspirante da lista de substitucións de subalternos da derradeira Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2008, D^a. María Antonia González Peinado, DNI 36,124,789-T, a cal acepta expresamente o dito nomeamento, significando que os aspirantes que figuran na referida lista cos números 17-Abilleira Piñeiro, Paula e 18-Fernández Fernández, M^a. Dolores, presentaron renuncia a posibilidade de ser nomeados, segundo consta nos seus escritos de datas 2 de agosto pasado.

Por isto, no uso das competencias que a lexislación vixente en materia de réxime local atribúe á Alcaldía-Presidentencia en canto á superior dirección do persoal municipal, preceptuadas no art. 124.4.i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, e que en canto á xefatura directa e inmediata do persoal municipal ostento por delegación do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, efectuada en Decreto de 7 de febreiro de 2013,

R E S O L V O :

Primeiro.- Aceptar a renuncia presentada con data 02/08/2013 por D. Joaquín Ocampo Cardalda, con DNI 35.552.235-P, ao seu nomeamento por acumulación de tarefas como Subalterno, de conformidade co previsto no art. 10 en relación co 64.1 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

Segundo.- Nomear funcionaria interina por acumulación de tarefas como Subalterna, por un período máximo de seis meses, a D^a. MARIA ANTONIA GONZÁLEZ PEINADO, con DNI nº 36,124,789-T, seguinte aspirante incluída na lista de substitucións da derradeira Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2008 e de conformidade co acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local de data 12 de xuño de 2013 (expte. 24173/220).

Terceiro.- Dar conta, con carácter urxente, á Xunta de Goberno Local para coñecemento e ratificación se procede.

A presente resolución notifíquese aos interesados, Xefatura de Área de Réxime Interior, Servizo de Recursos-Humanos (Negociado de Seguridade Social e Inspector de Persoal) e Intervención Xeral.

Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que a dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e

condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1198, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

52(907).- PRÓRROGA DO PRAZO CONTRACTUAL DO CONTRATO DE PRESTACIÓN DOS SERVIZOS BANCARIOS Ó CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 7249/540.

Dáse conta do informe-proposta do tesoureiro municipal, do 8.07.13, conformado polo interventor xeral, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

I.- A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, na sesión do 2 de agosto de 2010, acordou adxudicar definitivamente ás entidades de depósito CAIXA DE AFORROS DE VIGO, OURENSE E PONTEVEDRA – CAIXANOVA, CAJA DE AHORROS DE GALICIA – CAIXA GALICIA (na actualidade ambas entidades conforman a entidade NCG BANK, S.A.), BANCO POPULAR ESPAÑOL, S.A., CAJA DE AHORROS Y PENSIONES DE BARCELONA “LA CAIXA “ (na actualidade CAIXABANK) e BANCO SANTANDER, S.A., a prestación dos servizos bancarios para a xestión ordinaria derivada da execución orzamentaria e extraorzamentaria do Concello de Vigo, instrumentándose mediante a apertura e mantemento dunha ou varias contas correntes retribuídas para a execución dos cobros e os pagos que realice a tesourería municipal do Concello de Vigo.

II.- Coas catro entidades adxudicatarias formalizáronse os oportunos contratos nos correspondentes documentos administrativos, tal e como consta no expediente.

III.- A cláusula 4ª do prego de prescricións técnicas e 7ª do prego de cláusulas administrativas particulares polos que se rexeu a adxudicación do concurso para a contratación dos servizos bancarios do Concello de Vigo a que nos estamos a referir, dispón que o prazo de duración do contrato será de tres anos contados a partir da data da súa adxudicación, podendo prorrogarse por mutuo acordo expreso entre as partes, alcanzado antes do vencimento do termo expresado, ou do de calquera das prórrogas que eventualmente se acorden, por períodos sucesivos de carácter anual, cun máximo de tres prórrogas, sen que, polo tanto, a duración total do contrato, incluídas as prórrogas, poida exceder dun período máximo de 6 anos.

En consecuencia, os contratos formalizados coas entidades adxudicatarias atópanse próximos ó vencemento do prazo inicial de 3 anos previsto nos pregos de condicións técnicas e cláusulas administrativas particulares.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

PRIMEIRO.- O réxime xurídico da tesourería das entidades locais atópase nos artigos 194 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (LHL), que dispoñen que constitúen a tesourería das entidades locais todos os recursos financeiros, sexan diñeiro, valores ou créditos, da entidade local, tanto por operacións orzamentarias como extrapresupuestarias.

SEGUNDO.- Con respecto ás funcións encomendadas ás tesourerías locais, o artigo 196 da LHL, establece que son as seguintes:

- a) Recadar os dereitos e pagar as obrigacións.*
- b) Servir ao principio de unidade de caixa, mediante a centralización de todos os fondos e valores xerados por operacións orzamentarias e extraorzamentarias.*
- c) Distribuír no tempo as dispoñibilidades dinerarias para a puntual satisfacción das obrigacións.*
- d) Responder dos avais contraídos.*
- e) Realizar as demais que se deriven ou relacionen coas anteriormente numeradas.*

TERCEIRO.- Pola súa beira, o artigo 5 do real decreto 1.174/1987, de 18 de setembro, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter estatal, dispón:

“A función de tesourería comprende:

- O manexo e custodia de fondos, valores e efectos da Entidade local, de conformidade co establecido polas disposicións legais vixentes.*
- A Xefatura dos servizos de recadación.*

O manexo e custodia de fondos, valores e efectos comprende:

- a) A realización de cantos cobros e pagos corresponda aos fondos e valores da entidade, de conformidade co establecido polas disposicións legais vixentes.*
- b) A organización da custodia de fondos, valores e efectos de conformidade coas directrices sinaladas pola Presidencia.*
- c) Executar, conforme ás directrices marcadas pola Corporación, as consignacións en bancos, caixa xeral de depósitos e establecementos análogos, autorizando xunto co ordenador de pagos e o interventor os cheques e demais ordes de pago que se viren contra as contas abertas nos devanditos establecementos.*
- d) A formación dos plans e programas de tesourería, distribuindo no tempo as dispoñibilidades dinerarias da entidade para a puntual satisfacción das súas obrigacións, atendendo ás prioridades legalmente establecidas, conforme ás directrices marcadas pola Corporación.*

A Xefatura dos servizos recadatorios comprende:

- O impulso e dirección dos procedementos recadatorios, propondo as medidas necesarias para que a cobranza realícese dentro dos prazos sinalados (...).”*

CUARTO.- Para a realización efectiva destas funcións, o artigo 197 da LHL autoriza ás entidades locais a concertar os servizos financeiros da súa tesourería con entidades de crédito e aforo, mediante a apertura dos seguintes tipos de contas:

- Contas operativas de ingresos e pagos.*
- Contas restrinxidas de recadación.*
- Contas restrinxidas de pagos.*
- Contas financeiras de colocación de excedentes de tesourería.*

QUINTO.- Finalmente, o artigo 199 da LHL dispón que as Entidades Locais poderán concertar, con calquera entidades financeiras, operacións de tesourería para cubrir déficit temporais de liquidez derivados das diferenzas de vencimentos dos seus pagos e ingresos, así como rendibilizar os seus excedentes temporais de tesourería mediante investimentos que reúnan as condicións de liquidez e seguridade.

SEXTO.- Folga comentar que as Tesourerías das Administracións Públicas en xeral, e a do Concello de Vigo en particular, debido ó elevado montante dos fondos xestionados e o crecente volu-

me de transaccións realizadas, precisan inexcusablemente dos servizos de intermediación prestados polas institucións financeiras, entre outros motivos, polas garantías de fiabilidade e confianza que ofrecen as transaccións realizadas a través das entidades de depósito fronte á escasa seguridade que ofrecen os movementos de numerario realizados a través das tradicionais caixas de caudais, así como pola facilidade operativa dos instrumentos bancarios de cobro e pago.

Así, a título meramente indicativo, sinalar que segundo o estado de situación de existencias en tesourería incluído na liquidación do orzamento do Concello de Vigo correspondente ao exercicio 2012, durante ese ano realizáronse cobros por un importe total de 321.610.261,72 € e pagos por un importe total de 309.785.103,67 €, sendo as existencias finais de 90.686.505,61 €, o que xa de por sí xustifica plenamente a necesidade de contar cos servizos das entidades de depósito para organizar o manexo e a custodia dos fondos do Concello de Vigo.

En definitiva, tendo en conta os antecedentes e fundamentos xurídicos espostos, o funcionario que subscribe estima que deben prorrogarse de forma expresa os contratos formalizados coas entidades de depósito en materia de prestación de servizos bancarios, de conformidade co establecido na cláusula 4ª do prego de prescricións técnicas e 7ª do prego de cláusulas administrativas particulares, polo que, formula a seguinte

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:

Prorrogar de forma expresa os contratos formalizados coas entidades de depósito NOVAGALICIA BANCO S.A., BANCO POPULAR ESPAÑOL S.A., CAIXABANK S.A. e BANCO SANTANDER S.A., en materia de prestación de servizos bancarios, de conformidade co establecido na cláusula 4ª do prego de prescricións técnicas e 7ª do prego de cláusulas administrativas particulares polos que se rexeu a adxudicación do concurso para a contratación dos servizos bancarios do Concello de Vigo.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás catorce horas e quince minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Mª Jesús Lago Rey.